

CAPÍTULO **DOUS**.

mercado de traballo e relacións laborais

DOUSUN. actividade, ocupación e desemprego

DOUSDOUS. relacións laborais

DOUSTRES. seguridade e saúde no traballo

DOUSCATRO. políticas de formación para o emprego

DOUSUN. actividade, ocupación e desemprego

A evolución do panorama laboral e do emprego ao longo do ano 2012 hai que enmarcalo nunha situación de crise económica con efectos sen precedentes no ámbito laboral. Neste contexto, analízase a modificación normativa que supuxo o Real Decreto-Lei 3/2012, de 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma laboral, posteriormente tramitado como proxecto de lei (Lei 3/2012, de 6 de xullo).

Ante unha realidade económica marcada pola destrución de emprego, altas taxas de paro, especialmente xuvenil, desemprego de longa duración e crecentes taxas de temporalidade, aprobouse a Lei 3/2012, de 6 de xullo de Medidas Urxentes para a Reforma do Mercado Laboral.

O capítulo I da Lei 3/2012 recolle novas medidas que teñen por obxecto favorecer a empregabilidade dos traballadores. O capítulo II inclúe medidas que teñen por obxecto estimular a contratación indefinida

e a creación de emprego. No capítulo III da lei contéplase un conxunto de medidas que teñen por obxecto dar máis flexibilidade ás empresas na xestión interna dos recursos humanos. O seu cuarto e último capítulo recolle un conxunto de medidas dirixidas a favorecer a eficiencia do mercado de traballo e a reducir a dualidade laboral.

Ao longo deste apartado trataremos de observar a situación actual así como a evolución das principais magnitudes do mercado de traballo en Galicia, en comparación coa media estatal e coas diferentes Comunidades Autónomas.

O **cadro 2.1.1.** sinala os indicadores principais do mercado de traballo en Galicia. Estes datos amosan a cada vez maior profundización da crise no mercado laboral, así como que as medidas impostas na citada Lei 3/2012, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, non teñen, no

Principais indicadores do emprego 2008-12

	2008	2009	2010	2011	2012	12/11	12/08
	(en miles de persoas)					(%)	
Afiliados á Seguridade Social	1.072,5	1.029,6	1.007,4	980,3	946,2	-3,5	-11,8
Poboación ocupada	1.200,1	1.151,4	1.100,8	1.083,0	1.039,5	-4,0	-13,4
Poboación parada	114,7	165,9	200,4	228,3	270,7	18,6	136,0
	(%)						
Taxa de temporalidade (1)	30,7	26,7	25,1	24,7		-100,0	-100,0
Paro rexistrado	162,5	206,2	226,2	241,3	270,5	12,1	66,5
Contratos iniciais indefinidos	46,4	37,5	32,5	28,5	30,5	7,1	-34,3
Contratos iniciais temporais	706,1	616,1	620,6	617,8	610,2	-1,2	-13,6
Contratos convertidos en indefinidos	41,7	29,6	27,6	25,2	21,6	-14,2	-48,2

(1) variacións en puntos porcentuais

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE e Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 2.1.1.

ano 2012, reflexo no cambio de tendencia das variables analizadas. Neste senso, no exercicio 2012 redúcese a poboación activa e a ocupación e increméntase novamente a poboación parada estimada e rexistrada. No ámbito da contratación, destaca o incremento dos contratos iniciais indefinidos asinados e a redución da contratación temporal.

Un contexto de recesión económica, con taxas de variación do PIB real galego do -1,2%, nun entorno financeiro inestable, ven, ineludiblemente, asociado a unha redución no número de afiliados en alta laboral na Seguridade Social e na poboación ocupada estimada pola EPA; así a afiliación á Seguridade Social cae un 3,5% en taxa de variación interanual; o emprego en Galicia cae nun 4% no ano 2012, o que supón unha perda adicional de 43.500 ocupados, que sumados aos 117.100 empregos perdidos dende o comezo da crise, determinan a existencia en Galicia no ano 2012 de 160.600 persoas ocupadas menos que no ano 2008. A pesar da notable perda de ocupación sufrida, Galicia está por debaixo da perda de ocupación media estatal (4,5%), sendo a sétima Comunidade Autónoma onde menos emprego se destrúe en termos relativos.

No que respecta á poboación parada, tras observarse unha moderación no crecemento da poboación parada estimada no ano 2011, no ano 2012 increméntase novamente a taxa de variación interanual. Así Galicia pasa de ser a cuarta Comunidade Autónoma con menor crecemento da poboación parada no ano 2011 co 13,9%, a ser no ano 2012 a sexta Comunidade Autónoma onde máis se incrementa a poboación parada co 18,6%.

Tal como acontece co nivel de afiliación, ocupación ou paro estimado, e rompendo coa moderación do ano anterior, o paro rexistrado repunta de novo no ano 2012, sumándose neste ano 29.200 parados rexistrados máis, o que supón un incremento do 12,1% en relación a 2011. No ano 2008 comezan a producirse taxas interanuais positivas de variación do paro rexistrado, estes incrementos tradúcense na existencia no ano 2012 de 120 mil parados rexistrados máis que os que estaban rexistrados de media en Galicia no ano 2007.

Datos de emprego da Seguridade Social

Tras cinco anos de crise económica o número medio de afiliados ao sistema da

Afiliados en alta laboral na Seguridade Social en Galicia e España 2008-12 ⁽¹⁾

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España	Galicia /España
	(en miles de persoas)						(%)
2008	1.077,9	448,1	133,6	111,9	384,3	19.136,1	5,6
2009	1.034,5	433,5	129,4	108,6	362,9	18.020,5	5,7
2010	1.012,8	426,9	126,8	106,7	352,4	17.670,4	5,7
2011	985,9	417,2	124,3	104,4	340,1	17.433,2	5,7
2012	946,2	402,4	119,3	100,4	324,2	16.853,2	5,6
xaneiro	943,3	401,7	118,9	99,9	322,8	16.839,8	5,6
febreiro	942,7	401,5	118,9	99,9	322,4	16.809,8	5,6
marzo	943,4	402,1	119,0	99,9	322,4	16.885,8	5,6
abril	939,8	399,5	118,6	99,3	322,4	16.863,4	5,6
maio	939,0	398,8	118,3	99,4	322,4	16.893,8	5,6
xuño	945,9	401,3	119,3	100,2	325,1	16.966,4	5,6
xullo	955,1	404,0	120,9	101,2	329,1	16.875,4	5,7
agosto	950,2	402,0	120,6	100,9	326,7	16.682,4	5,7
setembro	951,4	403,3	120,1	101,5	326,6	16.793,6	5,7
outubro	936,4	399,5	118,0	99,6	319,3	16.558,0	5,7
novembro	928,6	397,1	116,7	98,5	316,3	16.381,8	5,7
decembro	918,6	391,9	116,3	98,5	311,8	16.332,5	5,6
(taxas de variación interanual)							
12/11	-3,5	-3,0	-3,6	-3,3	-4,0	-2,7	
xaneiro	-3,6	-3,1	-3,3	-3,0	-4,5	-2,5	
febreiro	-3,8	-3,3	-3,2	-3,3	-4,8	-2,8	
marzo	-3,8	-3,1	-3,4	-3,3	-4,8	-2,5	
abril	-4,7	-4,4	-4,4	-4,3	-5,2	-3,6	
maio	-4,6	-4,1	-4,7	-4,7	-5,2	-3,4	
xuño	-3,7	-3,2	-3,8	-3,7	-4,3	-2,3	
xullo	-4,8	-4,5	-5,0	-4,9	-5,2	-4,1	
agosto	-4,2	-3,7	-4,2	-4,2	-4,7	-3,5	
setembro	-2,4	-2,0	-2,7	-2,5	-2,6	-2,7	
outubro	-3,9	-3,4	-4,2	-3,8	-4,5	-3,8	
novembro	-4,4	-3,8	-4,6	-4,2	-5,0	-4,8	
decembro	-4,0	-3,7	-4,1	-3,3	-4,5	-4,6	
12/08	-12,2	-10,2	-10,7	-10,3	-15,6	-11,9	-0,3

(1) datos anuais: en medias anuais; datos mensuais: último día de cada mes
 Fonte: Seguridade Social

■ 2.1.2.

Seguridade Social descendeu en Galicia en 126.300 persoas, o 5,9% do descenso no conxunto do Estado nestes cinco últimos anos.


O impacto da crise económica reflíctese en descensos do número de afiliados en alta laboral dende o ano 2009 tanto en Galicia como en España, aínda que con evolucións diferentes. Neste senso, o descenso do número de afiliacións en España no ano 2009, en relación ao ano anterior, foi do 5,7%, superior ao descenso do 4% en Galicia. Nembargante, a partir do ano 2010, as taxas de variación do número de

afiliados en alta laboral, aínda que seguen sendo negativas en ambos territorios, son superiores na Comunidade Autónoma galega que no conxunto do Estado, en concreto, no ano 2012 as afiliacións descendéron en Galicia un 3,5% fronte ao 2,7% de media estatal.

As perdas de persoas afiliadas en Galicia pasan de representar o 3,9% das perdas conxuntas do Estado no ano 2009, ao 6,6% no ano 2010, ao 10,6% no ano 2011 e ao 7,2% no ano 2012.

No ano 2012, de media en Galicia hai un

Taxas de variación das afiliacións á Seguridade Social 2003-2011: distribución segundo grupos de idade



Fonte: IGE

■ 2.1.3.

total de 946.200 persoas afiliadas, 34.100 altas menos que no ano precedente. Como xa acontecera no ano anterior, a provincia de Pontevedra foi onde máis se notou o impacto da crise, con 13.700 persoas menos en alta na Seguridade Social, seguida da provincia de A Coruña con 12.400 altas menos (**táboa 2.1.2.**).

Analizando as perdas de afiliación no período 2008-2012, obsérvase novamente o maior efecto negativo da crise económica, en termos de afiliación, no caso da provincia de Pontevedra; neste senso, as perdas de afiliados nesta provincia nos cinco anos sinalados son de case 58.000 altas, o que supón unha diminución do 16,5% dos afiliados en alta laboral que de media existen na provincia no citado quinquenio. As perdas acumuladas nas restantes tres provincias están en torno ao 10% da súa afiliación media.


A evolución da afiliación á Seguridade Social en Galicia por grupo de idade (**gráfico 2.1.3.**), mostra como a partir do ano 2008 se produce unha redución xeneralizada da afiliación, salvo para o grupo de idade de maiores de 65 anos, que se incrementa a taxas en torno ao 7%, sendo o único grupo de idade que se mantén en

taxas de variación positivas. O número de afiliados con idades entre 16 e 29 anos presenta taxas de variación negativas a partir do ano 2008, acadando a maior descenso no ano 2009 co 14,6% menos de afiliacións que no ano anterior. O grupo de idades entre 30 e 64 anos, retarda en un ano as perdas de afiliación, así a partir do ano 2009 este grupo de idade presenta variacións negativas na súa afiliación total, sendo o maior descenso nese mesmo ano, co 1,4% menos de afiliados.

Setenta e dous de cada 100 traballadores afiliados en alta laboral o estaban no réxime xeral e 23 de cada 100, no réxime especial dos traballadores autónomos. En termos absolutos, un total de 678.793 persoas estaban afiliadas no réxime xeral, 39.435 persoas menos que no ano anterior, e 215.867 traballadores o estaban no réxime especial de autónomos, 3.097 menos que no ano precedente (**táboa 2.1.4.**).

A redución no número de afiliados esténdese a todos os sectores económicos, nembargante non é homoxénea en canto a súa intensidade. Así, tal como se observa no **gráfico 2.1.5.**, o sector servizos man-

Afiliados en alta laboral na Seguridade Social 2008-2012: distribución segundo réxime




Afiliados en alta laboral na Seguridade Social 2012 (1): distribución segundo réxime

	2008	2009	2010	2011	2012
Total	1.072.537	1.029.626	1.007.446	980.280	941.186
Régime Xeral	785.727	751.117	735.729	712.872	674.201
Régime Minería do Carbón	34	18	11	7	1
Régime Especial Agrario	4.472	4.470	4.504	4.720	4.775
Régime Especial Empleados Fogar	20.406	20.592	20.371	20.288	23.507
Régime Especial Autónomo	236.438	228.799	222.819	218.843	215.771
Régime Especial do Mar	25.460	24.630	24.012	23.550	22.931

(1) último día de cada mes
Fonte: IGE

2.1.4.

Taxas de variación das afiliacións á Seguridade Social 2010-2012(1): distribución por sectores de actividade



(1) datos a 31 de decembro de cada ano
Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

2.1.5.

tense en taxas menos negativas que a media galega, mentres o sector primario presenta taxas de variación negativas da súa afiliación que están, aproximadamente en torno á media ano período 2010-2012. Por outra banda, a industria e, en especial, o sector da construción, presenta taxas de variación negativas moi por encima da media, acadando no caso da construción unha perda do 17,3% da súa afiliación no ano 2011 (valor máis negativo da serie).

Emprego segundo a EPA

A finalidade principal da *Enquisa de poboación activa* (EPA) é coñecer a actividade económica no relativo ao mercado de traballo. Na enquisa distínguese entre:

- Poboación economicamente activa, definida como o conxunto de persoas que, nun período de referencia dado, subministran man de obra para a produción de bens e servizos económicos ou que están dispoñibles e fan xestións para incorporarse á produción. Para a EPA, por tanto, a poboación economicamente activa comprende todas as persoas de 16 ou máis anos que durante a semana de referencia cumpren as condicións para a súa inclusión entre as persoas ocupadas ou paradas.
- Poboación ocupada, definida como as persoas de 16 e máis anos que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia.
- Poboación parada, definida como todas aquelas persoas de 16 ou máis anos que durante a semana de referencia estiveron simultaneamente sen traballo, na procura de traballo, e dispoñibles para traballar.
- A poboación inactiva abrangue todas as persoas de 16 ou máis anos non clasificadas como ocupadas ou paradas durante a semana de referencia.

Os datos que proporciona a EPA para Galicia mostran a profundización, no ano 2012, da crise no ámbito laboral, con caídas no número de persoas activas e ocupadas, 0,1% e 4%, respectivamente, e cun incremento en torno ao 18,6% da poboación parada. Estas taxas de variación mostran, en relación ao ano anterior, unha maior intensidade, tanto na perda de activos e ocupados, como no incremento no número de persoas consideradas paradas.

● Poboación activa

No ano 2012 redúcese a poboación activa galega en 1.000 persoas, un 0,1%, descenso lixeiramente inferior ao descenso medio estatal que se situou no 0,2%. Este cambio de tendencia na poboación activa, que pasa de incrementos do 0,8% no ano 2011 ao xa citado descenso no ano 2012, é consecuencia da perda de ritmo no acceso á actividade da poboación feminina. Neste senso, obsérvase na **táboa 2.1.6.** como o descenso da poboación activa masculina continúa en taxas similares ás do ano anterior, en torno ao 0,6%, mentres que a variación da poboación activa feminina, aínda que en taxas positivas, pasa do 2,6% no ano 2011 ao 0,5% no ano 2012. O aumento da poboación activa feminina (3.000 mulleres activas máis) non compensa a redución da poboación activa masculina (4.100 homes activos menos).

No período 2008-2012 a poboación activa feminina en Galicia incrementouse nun 4,4%, (7,2% de media no Estado), fronte ao descenso no mesmo período do 4,2% da poboación activa masculina (3,8% de descenso medio no conxunto do Estado) (**táboa 2.1.7.**).

O 70% das mulleres que se incorporan como poboación activa no ano 2012 teñen máis de 55 anos. Por outra banda, ao con-

Poboación maior de 16 anos en Galicia e España 2012: distribución segundo sexo e a súa relación coa actividade económica

Ámbolos dous sexos									
	Poboación > 16 anos	Activos	Ocupados	Parados	na procura 1º emprego	Inactivos	Taxa actividade	Taxa ocupación	Taxa paro
			(en miles de persoas)					(%)	
Galicia	2.365,2	1.310,2	1.039,5	270,7	21,3	1.055,1	55,4	43,9	20,7
A Coruña	975,6	566,2	461,4	104,9	7,0	409,4	58,0	47,3	18,5
Lugo	298,8	154,3	128,9	25,4	2,8	144,6	51,6	43,1	16,4
Ourense	282,8	135,0	106,5	28,6	2,7	147,7	47,7	37,6	21,1
Pontevedra	808,1	454,7	342,8	111,9	8,8	353,4	56,3	42,4	24,6
España	38.428,6	23.051,0	17.282,0	5.769,0	496,9	15.377,6	60,0	45,0	25,0
Galicia / España	6,2	5,7	6,0	4,7	4,3	6,9			
12/11									
Galicia	-0,5	-0,1	-4,0	18,6	20,4	-1,0			
España	-0,2	-0,2	-4,5	15,4	17,9	-0,1			
Homes									
	Poboación > 16 anos	Activos	Ocupados	Parados	na procura 1º emprego	Inactivos	Taxa actividade	Taxa ocupación	Taxa paro
			(en miles de persoas)					(%)	
Galicia	1.129,0	695,9	550,7	145,1	9,0	433,2	61,6	48,8	20,8
A Coruña	458,7	293,7	238,8	54,9	2,9	165,0	64,0	52,1	18,7
Lugo	146,2	82,8	67,9	14,9	1,3	63,5	56,6	46,5	17,9
Ourense	135,7	72,7	58,0	14,7	1,1	63,0	53,6	42,7	20,2
Pontevedra	388,5	246,8	186,1	60,7	3,8	141,7	63,5	47,9	24,6
España	18.723,0	12.531,1	9.432,3	3.098,8	216,0	6.191,9	66,9	50,4	24,7
Galicia / España	6,0	5,6	5,8	4,7	4,2	7,0			
12/11									
Galicia	-0,5	-0,6	-5,6	24,6	10,3	-0,5			
España	-0,4	-1,2	-5,6	15,2	15,9	1,2			
Mulleres									
	Poboación > 16 anos	Activos	Ocupados	Parados	na procura 1º emprego	Inactivos	Taxa actividade	Taxa ocupación	Taxa paro
			(en miles de persoas)					(%)	
Galicia	1.236,1	614,4	488,7	125,7	12,3	621,9	49,7	39,5	20,5
A Coruña	516,9	272,6	222,6	50,0	4,1	244,4	52,7	43,1	18,4
Lugo	152,6	71,5	61,0	10,5	1,5	81,1	46,9	40,0	14,7
Ourense	147,0	62,3	48,4	13,9	1,6	84,8	42,4	32,9	22,3
Pontevedra	419,6	208,0	156,8	51,2	5,1	211,7	49,6	37,4	24,6
España	19.705,6	10.519,9	7.849,7	2.670,2	281,0	9.185,7	53,4	39,8	25,4
Galicia / España	6,3	5,8	6,2	4,7	4,4	6,8			
12/11									
Galicia	-0,5	0,5	-2,2	12,3	28,8	-1,4			
España	0,0	0,9	-3,2	15,6	11,0	-1,0			

Fonte: INE

■ 2.1.6.

Poboación activa en Galicia e España 2008-2012: distribución segundo nacionalidade e sexo

	2008	2009	Total 2010	2011	2012	2012/08
Total						
España	22.848,2	23.037,5	23.088,9	23.103,6	23.051,0	0,9
Galicia	1.314,8	1.317,4	1.300,9	1.311,2	1.310,2	-0,4
Homes						
España	13.031,7	12.938,5	12.819,2	12.680,7	12.531,1	-3,8
Galicia	726,4	712,5	703,6	699,8	695,8	-4,2
Mulleres						
España	9.816,5	10.099,0	10.269,7	10.422,9	10.519,9	7,2
Galicia	588,4	604,8	597,3	611,4	614,4	4,4

	2008	2009	Españois 2010	2011	2012	2012/08
Total						
España	19.296,8	19.358,1	19.436,8	19.554,6	19.629,1	1,7
Galicia	1.247,5	1.246,0	1.229,5	1.238,7	1.235,9	-0,9
Homes						
España	11.052,9	10.904,4	10.850,9	10.814,1	10.741,2	-2,8
Galicia	692,4	675,0	666,8	662,1	659,0	-4,8
Mulleres						
España	8.243,9	8.453,7	8.585,9	8.740,5	8.887,9	7,8
Galicia	555,1	570,9	562,6	576,6	576,9	3,9

	2008	2009	Estranxeiros 2010	2011	2012	2012/08
Total						
España	3.551,5	3.679,4	3.652,1	3.549,0	3.421,9	-3,6
Galicia	67,3	71,4	71,5	72,5	74,3	10,4
Homes						
España	1.978,8	2.034,1	1.968,3	1.866,5	1.789,9	-9,5
Galicia	34,0	37,5	36,8	37,8	36,8	8,2
Mulleres						
España	1.572,6	1.645,3	1.683,8	1.682,5	1.632,0	3,8
Galicia	33,3	33,9	34,7	34,8	37,5	12,5

Fonte: INE

■ 2.1.7.

trario do que aconteceu no ano 2011, cando case o 100% das incorporacións femininas tiñan nacionalidade española, no ano 2012 o 93% das incorporacións son mulleres con nacionalidade estranxeira.

Finalmente, o **gráfico 2.1.9.** mostra o estancamento, no período 2008-2012, das taxas de actividade tanto en Galicia como en España, en niveis en torno ao 55% e 60%, respectivamente, consecuencia en ambos casos da redución da taxa de actividade masculina e do incremento na taxa de actividade feminina. O lixeiro incremento de dúas décimas na taxa de actividade de Galicia no último ano, a pesar da redu-

ción sufrida no número de activos, é consecuencia da perda de poboación total.

● **Poboación ocupada**

A ocupación media en Galicia descendeu no ano 2012 ata o 1.039.500 persoas, en torno ás 43.500 persoas ocupadas menos que no ano anterior (4% menos), o que reflicte unha nova e máis intensa contracción da poboación ocupada ao longo do ano 2012, neste senso, fronte á moderación na redución da ocupación no ano 2011, no ano 2012 retómanse os niveis de destrución de ocupación dos primeiros anos da crise económica.


Poboación maior de 16 anos 2011-12: distribución segundo sexo, idade e a súa relación coa actividade económica

	2011			2012			12/11			Galicia / España 2012		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
(en miles de persoas)												
(%)												
Pob. de 16-19 anos												
Total	90,6	46,4	44,2	87,5	44,9	42,7	-3,4	-3,3	-3,5	5,0	5,0	5,0
Activos	14,7	9,1	5,6	11,9	6,6	5,3	-19,2	-27,5	-5,8	3,9	3,9	3,9
Ocupados	7,6	4,9	2,7	5,2	3,1	2,1	-31,6	-36,7	-22,2	6,3	6,5	5,9
Parados	7,1	4,3	2,8	6,7	3,5	3,2	-6,3	-18,6	12,5	3,0	2,9	3,2
Na procura 1º emprego	4,5	2,7	1,8	4,2	2,3	1,9	-6,1	-14,8	6,9	2,8	2,8	2,9
Inactivos	75,8	37,2	38,6	75,7	38,3	37,4	-0,2	2,9	-3,1	5,3	5,3	5,2
Pob. de 20-24 anos												
Total	133,9	67,9	66,0	128,5	65,2	63,3	-4,1	-4,0	-4,2	5,3	5,3	5,3
Activos	72,5	40,3	32,2	70,9	37,6	33,4	-2,2	-6,8	3,6	4,8	4,9	4,7
Ocupados	46,8	25,6	21,2	39,9	20,8	19,1	-14,7	-18,8	-9,8	5,3	5,5	5,2
Parados	25,7	14,7	11,0	31,0	16,8	14,2	20,6	14,1	29,3	4,3	4,3	4,2
Na procura 1º emprego	5,5	3,0	2,5	7,8	3,7	4,1	41,8	22,5	65,0	4,2	4,2	4,3
Inactivos	61,5	27,6	33,9	57,5	27,6	29,9	-6,5	0,0	-11,9	6,1	6,1	6,1
Pob. de 25-54 anos												
Total	1.219,3	608,2	611,1	1.207,3	602,2	605,1	-1,0	-1,0	-1,0	5,7	5,6	5,8
Activos	1.041,0	551,2	489,8	1.035,6	546,6	489,0	-0,5	-0,8	-0,2	5,6	5,5	5,8
Ocupados	864,8	464,0	400,8	827,0	435,5	391,5	-4,4	-6,1	-2,3	5,9	5,7	6,1
Parados	176,2	87,2	89,0	208,6	111,0	97,6	18,4	27,3	9,7	4,8	4,8	4,8
Na procura 1º emprego	7,1	2,5	4,6	8,8	3,0	5,8	23,9	20,0	26,1	5,7	6,7	5,3
Inactivos	178,3	57,0	121,3	171,8	55,7	116,1	-3,7	-2,3	-4,3	6,1	7,1	5,7
Pob. maior de 55 anos												
Total	933,3	412,7	520,6	941,9	416,8	525,1	0,9	1,0	0,9	7,2	7,0	7,3
Activos	183,1	99,2	83,9	191,8	105,1	86,7	4,7	5,9	3,3	6,5	6,2	7,0
Ocupados	163,9	89,0	74,9	167,4	91,3	76,1	2,1	2,6	1,5	6,9	6,5	7,4
Parados	19,4	10,3	9,1	24,4	13,8	10,6	25,9	34,2	16,5	4,9	4,8	5,0
Na procura 1º emprego	0,6	-	0,6	0,4	-	0,4	-29,2	-	-29,2	-	-	-
Inactivos	750,2	313,5	436,7	750,1	311,7	438,5	0,0	-0,6	0,4	7,4	7,4	7,4
Pob. > 16 anos												
Total	2.376,9	1.135,1	1.241,8	2.365,2	1.129,0	1.236,2	-0,5	-0,5	-0,5	6,2	6,0	6,3
Activos	1.311,3	699,9	611,4	1.310,2	695,8	614,4	-0,1	-0,6	0,5	5,7	5,6	5,8
Ocupados	1.083,0	583,4	499,6	1.039,4	550,7	488,7	-4,0	-5,6	-2,2	6,0	5,8	6,2
Parados	228,2	116,4	111,8	270,7	145,1	125,6	18,6	24,7	12,3	4,7	4,7	4,7
Na procura 1º emprego	17,7	8,2	9,5	21,3	9,0	12,3	20,2	9,8	29,2	4,3	4,2	4,4
Inactivos	1.065,8	435,3	630,5	1.055,1	433,3	621,8	-1,0	-0,5	-1,4	6,9	7,0	6,8

Fonte: INE

■ 2.1.8.

Taxas de actividade en Galicia e España 2008-12: distribución segundo sexos



Fonte: INE

■ 2.1.9.

Poboación ocupada 2012: distribución segundo sectores económicos, situación profesional, ocupación, idade e nivel de formación acadada

	Galicia			Galicia/España			12/11		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
	(en miles de persoas)			(%)			(%)		
Total	550,7	488,7	1.039,4	5,8	6,2	6,0	-5,6	-2,2	-4,0
Sectores económicos									
Agricultura e pesca	45,0	34,9	79,8	8,1	17,7	10,6	-3,9	-4,1	-4,0
Industria	115,5	48,3	163,8	6,3	7,9	6,7	-9,0	-0,7	-6,7
Construción	72,6	6,4	79,0	6,9	6,6	6,9	-13,9	-8,6	-13,6
Servizos	317,7	399,2	716,9	5,3	5,7	5,5	-2,4	-2,1	-2,2
Situación profesional									
Traballadores por conta propia	136,5	99,3	235,9	6,8	9,8	7,8	-0,3	1,5	0,4
Empregador	46,0	23,4	69,4	7,2	8,6	7,6	-2,5	0,4	-1,6
Empresarios sen asalariados	83,4	70,9	154,3	6,4	10,6	7,9	0,3	3,1	1,6
Membros cooperativas	1,1	1,0	2,1	5,8	10,6	7,5	74,6	68,1	78,0
Axudas familiares	6,0	4,0	10,1	11,4	5,6	8,0	-1,3	-23,0	-10,9
Asalariados	414,1	389,4	803,4	5,6	5,7	5,6	-7,2	-3,0	-5,2
Sector público	86,1	102,4	188,5	6,4	6,2	6,3	-3,0	-6,3	-4,8
Sector privado	328,0	287,0	615,0	5,4	5,6	5,5	-8,3	-1,8	-5,4
Outra situación	0,1	0,0	0,2	3,2	0,5	1,8	-3,8	-80,8	-40,0
Ocupación									
Directores e xerentes	31,0	11,6	42,6	5,2	4,5	5,0	1,9	-16,5	-3,9
Técnicos e profesionais científicos e intelect.	63,7	89,3	153,0	4,9	5,6	5,3	-5,3	-2,7	-3,8
Técnicos e profesionais de apoio	67,2	40,9	108,0	6,0	6,2	6,1	-2,3	-2,7	-2,4
Empregados contables, admons. e outros empregados ofic.	30,8	59,1	89,9	5,1	5,1	5,1	-14,2	-0,7	-5,7
Trab.servizos restaur., persoais, protecc, vend. comerc.	84,6	155,4	240,0	5,4	6,6	6,1	4,6	-2,0	0,2
Trab. cualificado no sector primario	35,9	33,1	69,0	10,2	31,5	15,1	-3,2	1,8	-0,9
Trab. cualif. ind. manufact, construcc., minaría, agás operad.	125,2	14,4	139,6	6,8	9,5	7,0	-11,2	5,6	-9,7
Operadores	73,7	13,9	87,6	6,5	8,2	6,7	-4,3	-16,6	-6,5
Ocupacións elementais	32,4	69,7	102,1	3,9	5,0	4,6	-12,9	-0,7	-4,9
Ocupacións militares	6,4	1,4	7,8	7,5	14,7	8,2	-21,9	71,7	-13,1
Grupos de idade									
16-19 anos	3,1	2,1	5,2	6,5	5,9	6,2	-36,1	-23,1	-31,9
20-24 anos	20,8	19,1	39,9	5,5	5,2	5,3	-18,8	-9,8	-14,7
25-34 anos	127,6	120,9	248,5	5,8	6,0	5,9	-9,7	-6,0	-7,9
35-44 anos	169,0	146,5	315,4	5,7	6,1	5,9	-3,4	0,2	-1,8
45-54 anos	139,0	124,1	263,1	5,7	6,3	5,9	-6,0	-1,5	-3,9
55 e máis anos	91,3	76,1	167,4	6,5	7,4	6,9	2,6	1,6	2,2
Nivel de formación acadada									
Analfabetos	0,8	0,2	1,0	3,4	1,3	2,4	344,4	12,5	185,7
Educación primaria	41,9	41,5	83,4	4,1	5,9	4,9	-18,5	-11,7	-15,3
Educación secundaria	320,5	246,7	567,2	6,4	6,7	6,5	-5,3	-1,0	-3,5
Primeira etapa	198,1	138,6	336,7	7,1	7,8	7,4	-5,1	-1,6	-3,7
Segunda etapa	122,4	108,1	230,5	5,5	5,6	5,6	-5,6	-0,2	-3,1
Formación e inserción laboral con título de secundaria (2ª etapa)	-	0,1	0,1	-	-	-	-	-	-
Educación superior, agás doutorado	180,2	195,4	375,6	5,4	5,8	5,6	-3,8	-1,9	-2,8
Doutorado	7,4	4,9	12,2	7,9	7,6	7,8	20,5	26,6	22,4


Fonte: INE

■ 2.1.10.

Poboación ocupada en Galicia e España 2008-12: distribución segundo sector

	Galicia				España			
	agricultura e pesca	industria	construción	servizos	agricultura e pesca	industria	construción	servizos
(en miles de persoas)								
2008	93,8	215,3	134,1	756,5	818,9	3.198,9	2.453,4	13.786,4
2009	91,6	194,1	115,7	750,1	796,1	2.775,0	1.888,3	13.438,7
2010	86,6	171,7	105,2	737,2	793,0	2.610,5	1.650,8	13.402,2
2011	83,2	175,5	91,3	733,0	760,2	2.555,3	1.393,0	13.396,3
2012	79,8	163,8	79,0	716,9	753,2	2.430,8	1.147,6	12.950,4
I	77,4	158,7	74,3	715,5	784,0	2.383,5	1.073,9	12.715,6
II	79,9	161,3	81,1	725,3	720,4	2.442,0	1.136,8	13.021,2
III	80,9	165,3	80,4	707,1	732,3	2.438,2	1.192,9	13.053,9
IV	81,0	169,9	80,0	719,6	776,2	2.459,3	1.186,7	13.011,0
2012-08	-14,9	-23,9	-41,1	-5,2	-8,0	-24,0	-53,2	-6,1

Taxas de variación da poboación ocupada 2008-2012: distribución segundo sectores de



Fonte: INE

■ 2.1.11.

Das 43.500 persoas ocupadas menos existentes en Galicia no ano 2012, respecto ás estimadas no ano anterior, 32.700 son homes, o que supón un descenso do 5,6% na ocupación masculina fronte ao 2,2% de descenso na poboación ocupada feminina. A maior perda de poboación ocupada masculina favorece o achegamento entre as taxas de ocupación de ambos sexos (**táboa 2.1.6.**), nembargante segue existindo unha diferenza de 9,3 puntos porcentuais entre ambas taxas de ocupación (11,6 puntos porcentuais no ano anterior), diferenza que aumenta, por outra banda, pola forte incorporación á actividade de poboación feminina antes inactiva.

De xeito similar ao ano anterior, o descen-

so na ocupación produciuse de forma xeneralizada en todos os grupos de idade, agás nos maiores de 55 anos que incrementaron a súa ocupación nun 2,1% (**táboa 2.1.8.**). O grupo de idade cun maior descenso en termos absolutos na súa ocupación foi o das persoas entre 25 e 54 anos, con 37.800 ocupados menos. O descenso da poboación ocupada en Galicia foi porcentualmente inferior ao sufrido no conxunto do Estado e o peso porcentual da poboación ocupada galega sobre o total estatal mantense estable no 6%.

A nivel sectorial, tal como mostra a **táboa 2.1.10.**, no ano 2012 descende a ocupación en todos os sectores económicos tanto en Galicia como no conxunto do Estado.

O sector primario en Galicia perdeu, dende o ano 2008, 14.000 ocupados, sendo o descenso na ocupación no último ano do 4%, moi superior ao descenso medio do sector a nivel estatal, que foi do 0,9% (**táboa 2.1.11.**).

O sector industrial, con 163.800 persoas ocupadas en Galicia, é o segundo en importancia; este sector perdeu dende que comezou a crise económica, no ano 2008, un total de 51.500 ocupados. A ocupación no sector industrial no ano 2012 redúcese nun 6,7%, retomando a tendencia de destrución de emprego, despois do incremento na ocupación no ano 2011.

A destrución de emprego no sector industrial no ano 2012 concéntrase no primeiro trimestre do ano, incrementándose progresivamente á ocupación nos restantes tres trimestres, acadando a maior cifra de ocupación no cuarto trimestre do ano, con 169.900 persoas, inferior, en todo caso, á cifra media de ocupados no ano 2011.

Tanto en termos absolutos como relativos, no período 2008-2012, o sector da construción é o que máis poboación ocupada perde, con 55.200 ocupados menos, o que supón un 41% menos de ocupación no ano 2012 da que existía no 2008. No último exercicio o sector da construción mantén o ritmo de destrución de ocupación, cunha taxa negativa de variación interanual do 13,6%, similar á dos anos 2009 ou 2011.

Finalmente o sector servizos, con 716.900 ocupados, acolle ao 69% dos ocupados en Galicia. No período 2008-2012 o sector servizos perde 39.600 ocupados, o 5,2% do total; sendo a redución da ocupación neste sector no último ano do 2,2%, inferior á media estatal que foi do 3,3%. Nembargante, compre salientar que a taxa de variación da ocupación do sector servizos no ano 2012, tanto en Galicia como en

España, foi a mais negativa dende o ano 2008.

Na desagregación por ramas de actividade (**táboa 2.1.12.**), tendo en conta os datos de afiliación á Seguridade Social e considerando aquelas actividades que teñen máis de 5.000 afiliados, que, conxuntamente acollen aproximadamente ao 90% da afiliación en Galicia, observamos como a maior caída porcentual de afiliación se corresponde coa actividades de "construción de edificios", cunha redución do 19,5%, seguida da "fabricación doutros produtos minerais non metálicos", cun 13,7% menos de afiliación, e das "actividades de construción especializada", cun 13% menos de afiliados á Seguridade Social que no ano anterior. Tanto os incrementos na afiliación das "actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico", como o descenso nas afiliacións do grupo de non clasificados, onde se inclúe ao colectivo pertencente aos convenios especiais de coidadores de persoas dependentes, están condicionados pola modificación na súa normativa reguladora.

En termos absolutos, a rama de "construción especializada" e de "construción de edificios" con aproximadamente 7.000 afiliacións menos en ámbolos dous casos, son as ramas de actividade, que no ano 2012, presentan unha maior perda de afiliación. Por outra banda, salienta a perda de máis de 3.600 afiliados na actividade de "Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria", o que supón un 5,8% de ocupación menos que no exercicio precedente.

A destrución de emprego afectou exclusivamente aos asalariados, tanto do sector público como privado (**cadro 2.1.10.**), producíndose un incremento no número de traballadores por conta propia. O volume de asalariados reduciuse un 4,8% no sector público (9.600 asalariados menos)

Afiliacións á Seguridade Social 2011-12: distribución segundo principais ramas de actividade (1)

	2011	2012	12/11
			(%)
47 Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	108.543	106.002	-2,34
56 Servizos de comidas e bebidas	59.461	59.649	0,32
84 Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	62.310	58.705	-5,79
86 Actividades sanitarias	55.458	55.114	-0,62
43 Actividades de construción especializada	54.649	47.548	-12,99
46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	48.858	47.062	-3,68
01 Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	45.184	43.315	-4,14
85 Educación	31.010	30.814	-0,63
49 Transporte terrestre e por tubaxe	32.255	30.698	-4,83
41 Construción de edificios	35.592	28.636	-19,54
10 Industria da alimentación	27.203	26.983	-0,81
81 Servizos a edificios e actividades de xardinería	25.373	25.192	-0,71
97 Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	20.851	24.099	15,58
45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	22.646	21.593	-4,65
03 Pesca e acuicultura	21.516	20.986	-2,46
96 Outros servizos persoais	17.877	17.662	-1,20
25 Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento	16.301	14.707	-9,78
29 Fabricación de vehículos e motor, remolques e semirremolques	14.966	14.352	-4,10
69 Actividades xurídicas e de contabilidade	13.135	13.170	0,27
64 Servizos financeiros, salvo seguros e fondos de pensións	13.029	12.268	-5,84
71 Servizos técnicos de arquitectura e enerxía, ensaios e análises técnicas	11.731	10.998	-6,25
14 Confección de roupa de vestir	10.858	10.280	-5,32
52 Almacenamento e actividades anexas ao transporte	10.365	10.149	-2,08
87 Asistencia en establecementos residenciais	9.030	9.213	2,03
88 Actividades de servizos sociais sen aloxamento	9.074	8.916	-1,74
16 Industria da madeira e da cortiza, salvo mobles; cestería e espartaría	9.481	8.854	-6,61
82 Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas	8.356	8.723	4,39
55 Servizos de aloxamento	9.005	8.707	-3,31
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	9.780	8.440	-13,70
94 Actividades asociativas	7.542	7.337	-2,72
93 Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	7.193	7.264	0,99
Non clasificados	8.370	6.704	-19,90
78 Actividades relacionadas co emprego	6.931	6.488	-6,39
30 Fabricación doutro material de transporte	7.061	6.371	-9,77
62 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática	5.858	5.864	0,10
66 Actividades auxiliares dos servizos financeiros e aos seguros	5.660	5.670	0,18
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	5.868	5.616	-4,29
80 Actividades de seguranza e investigación	5.342	5.155	-3,50
74 Outras actividades profesionais, científicas técnicas	4.265	5.002	17,28

(1) ramas CNAE 2009; dende o ano 2009, a rama "non clasificados" inclúe tamén o colectivo pertencente ós Convenios Especiais de coidadores de persoas dependentes
Fonte: IGE

■ 2.1.12.

e un 5,4% no sector privado (35.000 asalariados menos). En relación á procedencia pública ou privada dos asalariados que perderon o seu emprego no período 2008-2012, observamos nos datos reflectidos no **cadro 2.1.13.**, que dende o ano 2008, increméntase o número de asalariados tanto públicos como privados que perden o seu emprego, agás no ano 2010 no que se reduce no sector privado, sendo este incremento no período sinalado do 111% no caso dos asalariados do

sector público e do 67% dos asalariados do sector privado.

No ano 2012 hai en Galicia 1.000 traballadores máis por conta propia, en concreto, en relación ao ano anterior, redúcense o número de empregadores (1.100 menos) e de axudas familiares (1.200 menos), reducións que se compensan polo incremento dos empresarios sen asalariados (2.400 máis) e de membros de cooperativas (900 máis). Un dato destacable é que o 88% do

Poboación parada previamente ocupada en Galicia e España 2008-12 ⁽¹⁾

	2008	2009	Galicia 2010	2011	2012	2012-08
	(en miles de persoas)					(%)
Total	104,6	154,1	184,3	210,6	249,4	138,5
Asalariados	70,6	100,1	101,5	108,0	121,0	71,4
sector público	7,2	8,4	11,8	13,5	15,2	110,4
sector privado	63,4	91,7	89,7	94,5	105,8	66,9

	2008	2009	España 2010	2011	2012	2012-08
	(en miles de persoas)					(%)
Total	2.358,9	3.849,5	4.277,2	4.577,7	5.272,1	123,5
Asalariados	1.669,7	2.549,1	2.326,5	2.319,1	2.583,0	54,7
sector público	124,8	171,7	219,4	260,2	281,2	125,4
sector privado	1.544,9	2.377,4	2.107,0	2.058,9	2.301,8	49,0

(1) parados, en medias anuais, distribuídos segundo situación profesional do último emprego
Fonte: INE

■ 2.1.13.

total de novos empresarios sen asalariados son mulleres.

Atendendo á súa ocupación, en termos absolutos os maiores descenso rexistráronse no grupo de "Traballadores cualificados da industria manufactureira, construción, minaría, agás operadores.", con 14.900 empregados menos, e no grupo de "técnicos e profesionais científicos e intelectuais", con 6.000 persoas menos.

No que respecta aos niveis de formación, o 36,1% da poboación ocupada galega acredita estudos superiores (agás doutoramento), fronte ao 38,6% de media no Estado, e o 54,6% dos ocupados, estudos secundarios fronte ao 50,3% de media estatal. O 41% do total de mulleres e o 34,1% dos homes ocupados en Galicia no ano 2012 teñen estudos superiores, porcentaxes, en ambos casos, inferiores á media estatal, que é do 43,5% das mulleres e do 36,1% dos homes.


A redución de emprego afectou a todos os niveis de formación, salvo analfabetos e doutorados, con 700 e 2.200 ocupados máis respectivamente, e son os ocupados con educación primaria os que máis redución a súa ocupación con 15.000 ocupa-

dos menos, o que supón un 15,3% menos que no ano anterior. Así mesmo, cabe salienta o descenso de 10.800 ocupados con educación superior, agás doutoramento, un 2,8% de ocupados menos con ese nivel de estudos en relación ao ano anterior.

Tal como se sinalou anteriormente, a redución da poboación ocupada en Galicia no ano 2012, foi de 43.500 persoas, e, a diferenza do acontecido no ano precedente, fundamentalmente de nacionalidade española, xa que a ocupación da poboación con nacionalidade estranxeira en Galicia mantense estable. Esta evolución non é paralela á evolución media no Estado, onde o 23,6% dos ocupados que deixan de selo teñen nacionalidade estranxeira.

A evolución das taxas de ocupación en relación á nacionalidade dos ocupados reflicte o forte descenso das taxas de ocupación dos estranxeiros dende o ano 2008 ata o 2011, ano a partir do que a ocupación experimenta unha estabilización, a taxas, sen embargo, inferiores á media estatal. No que respecta ás persoas con nacionalidade española, as súas taxas de ocupación descenden no período sinalado,

Taxas de ocupación en Galicia e España 2008-12: distribución segundo sexo



Fonte: INE

■ 2.1.14.

Asalariados e taxa de temporalidade en Galicia e España 2011-12: distribución segundo tipo de contrato, sector e sexo

	2011								
	Contrato indefinido		Contrato temporal		Total		Taxa de temporalidade		
	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	Total
	(en miles de persoas)						(%)		
Galicia	153,3	485,0	44,6	164,9	198,0	649,9	22,5	25,4	24,7
A Coruña	74,2	210,5	20,6	69,1	94,9	279,6	21,7	24,7	24,0
Lugo	17,8	55,3	6,1	16,4	24,0	71,7	25,4	22,9	23,5
Ourense	17,8	47,3	5,7	13,5	23,5	60,8	24,3	22,2	22,8
Pontevedra	43,5	171,9	12,2	65,9	55,7	237,8	21,9	27,7	26,6
Galicia	153,3	484,9	44,6	165,0	198,0	650,0	22,5	25,4	24,7
Homes	73,4	272,7	15,3	84,8	88,8	357,6	17,2	23,7	22,4
Mulleres	79,9	212,2	29,3	80,2	109,2	292,4	26,8	27,4	27,3
España	2.416,1	8.863,5	773,9	3.052,0	3.190,0	11.915,5	24,3	25,6	25,3
Homes	1.180,2	4.878,5	283,0	1.652,5	1.463,3	6.531,0	19,3	25,3	24,2
Mulleres	1.235,9	3.984,9	490,9	1.399,5	1.726,8	5.384,4	28,4	26,0	26,6

	2012								
	Contrato indefinido		Contrato temporal		Total		Taxa de temporalidade		
	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	Total
	(en miles de persoas)						(%)		
Galicia	152,1	465,3	36,2	149,4	188,3	614,7	19,2	24,3	23,1
A Coruña	76,5	203,6	16,8	65,3	93,3	268,9	18,0	24,3	22,7
Lugo	19,0	49,2	4,1	15,2	23,1	64,4	17,7	23,6	22,1
Ourense	17,5	45,4	3,4	12,5	20,9	57,9	16,3	21,6	20,2
Pontevedra	39,1	167,1	11,9	56,4	51,0	223,5	23,3	25,2	24,9
Galicia	152,2	465,3	36,3	149,7	188,4	615,0	19,2	24,3	23,1
Homes	73,0	255,1	13,1	72,9	86,1	328,0	15,2	22,2	20,8
Mulleres	79,2	210,2	23,2	76,8	102,4	287,0	22,6	26,8	25,7
España	2.385,3	8.491,9	628,3	2.736,3	3.013,6	11.228,2	20,8	24,4	23,6
Homes	1.133,5	4.628,0	218,7	1.435,2	1.352,2	6.063,2	16,2	23,7	22,3
Mulleres	1.251,8	3.863,9	409,6	1.301,1	1.661,4	5.165,0	24,7	25,2	25,1

Fonte: INE

■ 2.1.15.

aínda que de xeito máis moderado, acadando en todo caso taxas de ocupación inferiores ás dos non nacionais.

● **Análise da temporalidade**

Tendo en conta os datos proporcionados pola EPA en relación á taxa de temporalidade, entendida como o cociente entre o número de asalariados con contrato temporal e o número total de asalariados, no ano 2012 continúa a tendencia de redución da taxa de temporalidade dos últimos anos (**cadro 2.1.15.**). A taxa de temporalidade en Galicia no ano 2012 situouse no 23,1%, fronte ao 24,7% do ano 2011, sendo cinco décimas inferior á taxa de temporalidade media do conxunto do Estado.

Na orixe do descenso de 1,6 puntos porcentuais da taxa de temporalidade galega está a redución tanto da taxa de temporalidade pública como privada, aínda que a taxa de temporalidade do sector público redúcese en 3,3 puntos porcentuais, pasando do 22,5% ao 19,2% no ano 2012, mentres que a taxa de temporalidade do sector privado se reduce en 1,1 puntos porcentuais, pasando do 25,4% no ano 2011 ao 24,3% no ano 2012.

Tendo en conta que a taxa de temporalidade media en España é das máis elevadas da UE, moi por encima da media comunitaria, que para a UE-15 se sitúa en torno ao 14%, a redución da taxa de temporalidade, que se ven producindo nos últimos anos, ten un carácter positivo, se ven matizado polo feito de que esa baixada é consecuencia, tal como aconteceu dende o comezo da crise económica, da non renovación de contratos.

Así, ao longo do ano 2012 no sector privado en Galicia non se renovaron 15.500 contratos temporais e extinguíronse 19.700 contratos indefinidos, o que tivo como consecuencia a redución en 35.200

asalariados no sector privado galego. Esta redución no sector privado ven acompañada dunha perda en torno aos 9.700 asalariados no sector público, sector no que o número de asalariados con contrato temporal cae en 8.400 persoas, e en 1.200 os asalariados con contrato indefinido.

A evolución da taxa global de temporalidade no caso dos homes e das mulleres é idéntica, observándose unha redución de 1,6 puntos porcentuais en ambas taxas. Así no ano 2012, a taxa de temporalidade masculina foi do 20,8% e do 25,7% a feminina. Esta redución paralela fai que se interrompa o achegamento entre as taxas de temporalidade de homes e mulleres, que se viña producindo dende o comezo da crise económica.

No ano 2012, no que se refire aos varóns, non se renovaron 14.100 contratos temporais e extinguíronse 18.100 contratos indefinidos; esta redución de asalariados é xeneralizada tanto no caso de contratos indefinidos ou temporais no sector privado ou público, observándose a redución porcentualmente máis intensa no caso dos contratos temporais no sector privado (7,2% menos que no ano anterior).

No que respecta ás mulleres, o número de asalariadas con contrato temporal diminúe en 9.500 persoas, e o número de asalariadas con contrato indefinido diminúe en 2.700 persoas. Como no caso dos varóns, o número de asalariadas no ano 2012 diminúe tanto na contratación temporal ou indefinida sexa sector público ou privado, nembargante, a maior caída en termos relativos prodúcese no número de asalariadas con contrato temporal no sector público, que se reduce nun 40,2% en relación ao ano 2011.

A nivel provincial, observamos caídas nas catro provincias galegas na taxa de temporalidade, situándose todas, agás Ponte-


Poboación ocupada en Galicia e España 2011-12: distribución segundo tipo de xornada de traballo

	2011					
	Total		Homes		Mulleres	
	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial
	<i>(en miles de persoas)</i>					
Galicia	951,1	132,0	552,9	30,6	398,2	101,4
España	15.601,8	2.502,9	9.391,1	600,2	6.210,6	1.902,6
Galicia/España (%)	6,1	5,3	5,9	5,1	6,4	5,3

	2012					
	Total		Homes		Mulleres	
	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial
	<i>(en miles de persoas)</i>					
Galicia	903,5	136,0	517,8	32,9	385,7	103,1
España	14.733,6	2.548,4	8.806,4	625,9	5.927,2	1.922,5
Galicia/España (%)	6,1	5,3	5,9	5,2	6,5	5,4

Fonte: INE

■ 2.1.16.

Poboación ocupada con xornada a tempo parcial en Galicia e España 2008-12 ⁽¹⁾
Mulleres**Poboación ocupada con xornada a tempo parcial en Galicia e España 2008-12 ⁽¹⁾**
Homes(1) 2008=100
Fonte: INE

■ 2.1.17.

vedra, con taxas inferiores á media galega. Neste senso cómpre salientar que, no que respecta á perda de asalariados, a provincia de Pontevedra aporta o 48,4% dos contratos perdidos no sector público e o 40,6% dos perdidos no sector privado.

• Duración da xornada de traballo

Tendo en conta a taxa de traballo a tempo parcial, definida como o cociente entre o número de ocupados a tempo parcial e o número total de ocupados, pode observarse como, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, no ano 2012 se produce un incremento desta taxa en relación ao ano anterior, pasando do 12,2% ao 13,1% en Galicia e do 13,8% ao 14,7% en España. A taxa media do conxunto do Estado no ano 2012 é 1,7 puntos porcentuais superior á galega. Salienta a diferenza existente na dita taxa segundo sexo; así, en Galicia no ano 2012 a taxa de traballo a tempo parcial era 15,1 puntos porcentuais maior no caso das mulleres (21,1% fronte ao 6% dos homes).

En termos absolutos, a poboación ocupada a tempo parcial en Galicia ascendeu a 32,9 miles de homes (un 7,4% máis que no ano 2011), e a 103,1 miles de mulleres (un 1,7% máis que no ano anterior), polo que, a pesar do menor incremento porcentual, en Galicia de cada 100 empregados a tempo parcial, 75,8 son mulleres.

• Poboación parada

O desemprego medio estimado pola EPA, no ano 2012, afecta en Galicia a 270.730 persoas, 42.400 parados máis que no ano 2011, o que supón un incremento no último ano do 18,6% no número de parados estimados, incremento moi superior ao incremento medio estatal (15,4%). O peso dos parados galegos respecto ao conxunto estatal mantense en torno ao 4,7%, unha décima máis que no ano anterior (**táboa 2.1.6.**).

O incremento do paro estimado medrou no último ano tanto nos homes como nas mulleres, aínda que o aumento foi máis acusado no caso dos homes, cunha subida media do 24,7% en relación ao desemprego do ano anterior, fronte ao 12,3% no caso das mulleres. En termos absolutos, dos xa citados 42.400 parados máis estimados no conxunto do ano 2012 en Galicia, en torno a 28.600 persoas son homes e 13.700, mulleres (**táboa 2.1.8.**).

As estimacións da Enquisa de poboación activa reflicten que 135.700 persoas, o 50% da poboación parada estimada galega, leva máis dun ano na procura de emprego (63.250 son mulleres), e, en concreto 75.880 persoas levan dos ou máis anos nesa situación, sendo este segmento de poboación parada un 24,1% maior que no ano anterior (24.100 persoas máis que no ano anterior (**táboa 2.1.18.**)).

A taxa de paro estimada para Galicia no conxunto do ano 2012 situouse no 20,7%, a oitava máis reducida do conxunto de Comunidades autónomas, e 4,4 puntos porcentuais por debaixo da media estatal.

Por sexos, as taxas de desemprego galegas foron inferiores á media estatal, tanto para os homes (20,8% por 24,7% de media en España) como para as mulleres (20,5%, fronte a 25,4% no Estado). En Galicia estas porcentaxes medraron en torno a 4 puntos porcentuais no caso dos homes e en torno a dous puntos porcentuais no que respecta á taxa de paro feminina; no conxunto do Estado, os incrementos nas taxas de paro foron en torno aos 3 puntos porcentuais tanto para homes como para mulleres.

A evolución dende o inicio da crise económica das taxas de paro, distinguindo diferentes grupos de idade (**táboa 2.1.19.**), mostra claramente o grave problema de paro xuvenil existente tanto en Galicia como en

Poboación parada 2012: distribución segundo sexo, nivel de formación acadada e tempo de procura de emprego

	Homes	Galicia Mulleres	Total	Homes	Galicia / España Mulleres	Total	Homes	12/11 Mulleres	Total
	(en miles de persoas)			(%)			(en miles de persoas)		
Total	145,10	125,60	270,73	4,68	4,70	4,69	28,67	13,77	42,48
Nivel de formación acadado									
Analfabetos	0,50	0,63	1,18	1,95	2,76	2,43	-	0,13	0,08
Educación primaria	16,48	11,98	28,40	2,65	2,92	2,75	1,58	0,03	1,57
Educación secundaria	99,55	72,33	171,88	5,18	4,64	4,93	21,67	5,33	27,00
Primera etapa	71,40	43,70	115,10	5,73	4,93	5,40	17,72	4,20	21,92
Segunda etapa	28,15	28,63	56,78	4,16	4,26	4,21	3,95	1,13	5,08
Educación superior, agás doutorado	28,28	40,60	68,85	5,41	6,03	5,75	5,58	8,27	13,82
Doutorado	0,33	0,10	0,43	8,78	2,47	5,50	0,03	0,02	0,05
Tempo de procura de emprego									
Xa atopou emprego	6,53	5,63	12,15	4,91	4,52	4,72	0,70	0,03	0,67
Menos de 1 mes	6,73	5,55	12,28	5,25	5,42	5,32	1,28	-	0,65
De 1 mes a menos de 3 meses	15,68	15,03	30,70	4,40	5,13	4,73	0,58	0,23	0,82
De 3 meses a menos de 6 meses	17,58	14,03	31,60	4,82	4,38	4,62	0,18	0,04	0,20
De 6 meses a menos de 1 ano	26,13	22,10	48,23	5,27	5,20	5,24	5,95	5,15	11,10
De 1 año a menos de 2 años	33,80	25,98	59,83	4,80	4,37	4,61	4,72	0,08	4,88
2 anos ou máis	38,60	37,28	75,88	4,20	4,59	4,38	15,15	8,90	24,08

Fonte: INE

■ 2.1.18.


Taxas de paro en Galicia e España 2008-12: distribución segundo grupos de idade

	menores de 25 anos					2012/08
	2008	2009	2010	2011	2012	(en puntos porcentuais)
Galicia	21,19	30,80	35,42	37,60	45,53	24,34
España	24,64	37,87	41,63	46,48	53,19	28,55
	de 25 e máis anos					2012/08
	2008	2009	2010	2011	2012	
Galicia	7,53	10,96	13,83	15,97	18,99	11,46
España	9,76	15,89	17,97	19,40	22,68	12,92
	de 55 e máis anos					2012/08
	2008	2009	2010	2011	2012	
Galicia	5,51	7,26	9,04	10,58	12,74	7,23
España	7,01	11,52	13,45	14,28	17,07	10,07

Fonte: INE

■ 2.1.19.

Taxas de paro en Galicia e España 2008-12: distribución segundo nacionalidade



Fonte: INE

■ 2.1.20.

España. As taxas de paro dos menores de 25 anos, en Galicia pasan do 21,2% no ano 2008 (24,6 de media no Estado), ao 45,5% no ano 2012 (53,2% no Estado), incrementándose en máis de 12 mil os mozos entre 20 e 24 anos parados no ano 2012. As taxas de paro dos maiores de 25 anos así como dos maiores de 55 anos tamén se incrementan acadando valores do 19% e 12,7% respectivamente. Tendo en conta o nivel de estudos, e seguindo a tendencia xeral observada, o número de parados incrementáanse en todos os niveis de formación, nembargante, os datos do Instituto Galego das Cualificacións reflicten que, do total de menores de 30 anos rexistrados como parados, só o 14% ten unha titulación universitaria.

Se a análise se fai atendendo á nacionalidade das persoas, o **gráfico 2.1.20.** mostra como, fronte á estabilidade da diferenza entre as taxas de paro dos nacionais en Galicia e España, en torno aos tres puntos porcentuais ao longo do período 2008-2012, as taxas de paro dos estranxeiros medran de xeito moito máis acusado en Galicia que na media estatal, neste senso Galicia pasa de taxas de paro do 13,1% para estranxeiros no ano 2008, inferior á

estatal (17,4%), a unha taxa do 37,2% no ano 2012, máis dun punto porcentual superior á media estatal.

A análise dos niveis de poboación parada estimada a nivel provincial, tal como observamos na poboación ocupada ou activa, reflicten como a provincia de Pontevedra é a que en maior medida acusa os efectos negativos da crise económica sobre o seu mercado laboral. Así, o 39,4% dos novos parados estimados en Galicia no ano 2012 localízanse na provincia de Pontevedra (16.700 parados máis), seguida de A Coruña co 36,5% (15.500 parados máis), Ourense co 15,8% (6.700 parados máis) e Lugo co 8,5% (3.600 parados máis). Pontevedra segue sendo a provincia con máis persoas paradas e cun maior incremento do paro, se temos en conta o paro rexistrado.

Datos rexistrados nas oficinas de emprego

Os datos do paro rexistrado amosan valores superiores aos do ano anterior, cunha taxa de variación interanual, para o conxunto do ano, moi superior á rexistrada no ano 2011.


Paro rexistrado en Galicia e España 2008-12 ⁽¹⁾

	Galicia	España	Galicia / España	Galicia	España
	(en miles de persoas)		(%)	(taxa de variación interanual)	
2008	162,5	2.539,9	6,40	7,95	43,47
2009	206,2	3.644,0	5,66	26,91	11,44
2010	226,2	4.060,8	5,57	9,69	4,84
2011	241,3	4.257,2	5,67	6,67	4,84
2012	270,5	4.720,4	5,73	12,10	10,88
xaneiro	271,3	4.599,8	5,90	10,37	8,72
febreiro	274,7	4.712,1	5,83	10,62	9,60
marzo	276,8	4.750,9	5,83	11,07	9,63
abril	277,6	4.744,2	5,85	13,46	11,12
maio	276,6	4.714,1	5,87	15,25	12,52
xuño	269,2	4.615,3	5,83	15,24	11,97
xullo	260,2	4.587,5	5,67	16,68	12,45
agosto	257,3	4.625,6	5,56	14,54	11,98
setembro	259,4	4.705,3	5,51	11,37	11,32
outubro	267,8	4.833,5	5,54	10,62	10,84
novembro	276,5	4.907,8	5,63	9,13	11,02
decembro	278,8	4.848,7	5,75	7,97	9,64
12/08	66,5	85,8			

(1) datos anuais: en medias anuais; datos mensuais: último día de cada mes
 Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 2.1.21.

Paro rexistrado 2008-12: evolución mensual



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 2.1.22.

O número de persoas paradas rexistradas nas oficinas de emprego de Galicia medrou de media ao longo do ano 2012 en 29.200, fronte a un incremento medio no ano 2011 de 15.100 persoas, sendo o paro rexistrado no ano 2012 de 270.500 persoas (o 5,7% do paro rexistrado de media en España). Continuando coa tendencia ini-

ciada no ano anterior, Galicia segue mostrando un peor comportamento en relación á media española, dado que o paro rexistrado medra un 12,1% en Galicia fronte ao 10,9% de media en España.


Os datos mensuais mostran en Galicia nos tres primeiros trimestres do ano,

Paro rexistrado en Galicia e España 2012 ⁽¹⁾: distribución segundo sector de actividade

2012						
	Total	Agricultura e Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
Galicia	270.515	7.712	40.234	45.305	151.067	26.198
A Coruña	106.842	2.399	15.003	19.138	60.384	9.918
Lugo	26.868	1.008	2.805	4.735	15.568	2.752
Ourense	29.785	1.183	4.343	4.699	16.416	3.144
Pontevedra	107.021	3.122	18.082	16.733	58.699	10.384
España	4.720.404	168.811	533.485	778.828	2.848.878	390.402

12/11						
	Total	Agricultura e Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
Galicia	12,1	19,5	9,2	14,9	15,6	-6,2
A Coruña	12,2	16,9	10,3	15,7	15,2	-6,9
Lugo	14,6	22,8	17,2	19,6	17,2	-8,0
Ourense	11,7	23,4	11,1	11,9	15,6	-7,4
Pontevedra	11,5	19,1	6,7	13,6	15,6	-4,8
España	10,9	19,4	8,1	4,2	14,1	3,3

Taxas de variación do paro rexistrado 2007-12: distribución segundo sectores de actividade



(1) medias anuais

Fonte: IGE e Ministerio de Empleo y Seguridad Social

2.1.23.

variacións positivas do paro rexistrado superiores en todo caso ao 10%, acadando valores do 16,7% no mes de agosto, sendo este o nivel máis elevado de toda a serie. Así mesmo as taxas de variación interanual dos citados tres primeiros trimestres do ano 2012 en Galicia son superiores ás acadadas de media no Estado. No último trimestre do ano, obsérvase un lixeiro cambio de tendencia, **táboa 2.1.21.**, cunha redución nas taxas de variación interanual do paro rexistrado, acadando a máis baixa da serie no mes de decembro co 8%, e así mesmo, menores ás rexistradas de media no Estado

O paro rexistrado medra en todos os sectores produtivos e nas catro provincias galegas. Tanto no conxunto do Estado como en Galicia, o sector servizos rexistra en 2012 o maior número de parados, ao acoller o 60,3% dos parados totais existentes en España e o 55,8% en Galicia. O segundo sector en importancia é a construción, co 16,7% e 16,5% en Galicia e España respectivamente, e as actividades industriais, co 14,9% e 11,3%, respectivamente (**táboa 2.1.23.**).

Dende o comezo da crise económica, o sector da construción é o que presenta as maiores taxas de crecemento no número de parados rexistrados, nembargante, no ano 2012, rómpese esa tendencia, e tanto o sector servizos, cun incremento do 15,6%, coma o sector da agricultura e pesca, co 19,4% máis de parados rexistrados, superan á construción, que incrementa nun 14,9% o seu paro rexistrado.

O sector industrial incrementa nun 9,1% o seu paro rexistrado, sendo o único sector económico que se sitúa por debaixo do incremento medio do paro rexistrado en Galicia (12,1%). A nivel estatal, de xeito similar ao acontecido en Galicia, o sector

agrario co 19,4% máis de paro rexistrado e o sector servizos co 14,1% máis, son os sectores con maior incremento de paro rexistrado, seguidos da industria co 8,1% máis e da construción co 4,2%.

En termos absolutos, do incremento en 29.192 parados rexistrados nos catro sectores produtivos en Galicia, en relación ao ano anterior, 20.405 persoas, o 70%, pertencen ao sector servizos, e 5.888 persoas, o 20,2%, ao da construción.

Contratación

O número total de contratos iniciais rexistrados no ano 2012 descendeu en Galicia un 1,4%, acadando os 662.328, o que representa o 4,8% do total estatal. Destas contratacións, 640.745 corresponden a contratos iniciais (o 4,8% dos rexistrados en España) e 21.583, a contratos convertidos en indefinidos (o 5,5% das conversións estatais).

As modificacións derivadas da Lei 3/2012, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, en concreto, as bonificacións e deducións fiscais asociadas á contratación indefinida de mozos entre 16 e 30 anos e de persoas maiores de 45 anos, repercutiron nun incremento no ano 2012, tanto en Galicia como en España, do número de contratos iniciais de duración indefinida, en detrimento dos contratos de duración temporal.

Respecto ao fluxo de entrada ao emprego indefinido, sen contar ás conversións, os datos da **táboa 2.1.24.** indican a diferente evolución das contratacións nos tres tipos de contratos existentes dentro da contratación con duración indefinida, tanto para o caso dos homes como das mulleres. O número total de contratos indefinidos incrementase nun 7,1% en relación aos datos de 2011, situándose nos 30.509 contratos (2.030 máis), dos que 16.315 foron asina-

Contratos iniciais de traballo e contratos convertidos en indefinidos en Galicia e España 2012: distribución segundo tipo

	Total	Homes	Mulleres	Galicia/España	12/11	
					Galicia (%)	España
Contratos de duración indefinida	30.509	16.315	14.194	4,4	7,1	6,3
Indefinido ordinario	29.479	15.750	13.729	4,4	38,8	23,8
Indefinido de fomento de emprego	646	351	295	7,1	-90,5	-90,7
Indefinido minusválidos	384	214	170	5,9	-14,9	-9,7
Contratos de duración temporal	610.236	313.519	296.717	4,8	-1,2	-4,8
Obra ou servizo	228.635	134.166	94.469	4,2	-1,2	-3,8
Eventual segundo circunstancias da produción	278.613	139.013	139.600	4,9	2,4	-4,0
Interinidade	76.194	22.301	53.893	5,4	-11,3	-11,6
Temporais pers. discapacidade	774	421	353	5,3	-15,2	-4,9
Relevo	984	610	374		-9,5	7,8
Xubilación parcial	1.624	1.219	405	4,9	4,2	20,8
C. de substitución por xubilación aos 64 anos	120	47	73	4,1	17,6	25,6
Contrato en prácticas	2.327	1.057	1.270	5,6	-23,2	-19,1
Contrato para a formación	5.258	2.647	2.611	8,7	7,9	0,9
Outros contratos	15.707	12.038	3.669	24,0	-6,5	-8,2
Contratos convertidos en indefinidos	21.583	10.650	10.933	5,5	-14,2	-14,1
Total contratos	662.328	340.484	321.844	4,8	-1,4	-4,6

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal


■ 2.1.24.

Contratos iniciais de traballo e contratos convertidos en indefinidos 2012: distribución segundo tipo de contrato e grupo de idade

	Total	Homes					Mulleres					Galicia/España (%)
		< 25	25 - 29	30 - 39	40 - 44	>= 45	< 25	25 - 29	30 - 39	40 - 44	>= 45	
Contratos de duración indefinida												
Indefinido ordinario	29.479	1.493	2.431	5.627	2.173	4.026	1.527	2.477	4.393	1.743	3.589	4,37
Indefinido de fomento de emprego	646	37	83	93	40	98	74	75	71	26	49	7,09
Indefinido minusválidos	384	10	12	70	41	81	5	23	50	25	67	5,94
Contratos de duración temporal												
Obra ou servizo	228.635	18.521	25.346	46.424	14.670	29.205	14.948	17.972	31.341	11.340	18.868	4,25
Eventual segundo circunstancias da produción	278.613	26.376	28.235	49.242	14.946	20.214	28.842	29.257	44.103	14.994	22.404	4,93
Interinidade	76.194	3.148	4.845	8.472	2.651	3.185	6.357	10.046	17.313	7.245	12.932	5,43
Temporais para minusválidos	774	35	44	123	73	146	27	40	116	77	93	5,28
Relevo	984	55	132	269	70	84	31	106	158	35	44	4,77
Xubilación parcial	1.624					1.219					405	4,93
C. de substitución por xubilación aos 64 anos	120	3	9	20	7	8	2	7	30	12	22	4,11
Contrato en prácticas	2.327	526	401	117	6	7	614	535	114	5	2	5,58
Contrato para a formación	5.258	1.883	545	80	39	100	1.791	644	79	36	61	8,68
Outros contratos	15.707	668	887	3.205	1.685	5.593	454	1.030	1.092	613	480	23,96
Contratos convertidos en indefinidos												
Obra ou servizo	4.566	185	458	923	278	575	136	372	812	298	529	6,23
Eventual segundo circunstancias da produción	15.132	1.010	1.448	2.799	860	1.210	1.172	1.883	2.788	846	1.116	5,24
Interinidade	579	22	60	88	18	28	46	96	149	32	40	5,64
Temporais para minusválidos	145	1	7	23	12	33	2	5	23	11	28	4,97
Relevo	356	10	45	110	27	33	3	21	73	13	21	5,06
C. de substitución por xubilación aos 64 anos	8		1	1		2			1	2	1	2,14
Contrato en prácticas	640	107	138	43	1		137	179	35			5,81
Contrato para a formación	144	82	3	1			53	5				7,96
Outros contratos	13			4	2	2		2	1		2	4,89

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal

■ 2.1.25.

Contratos en Galicia e España 2008-12 ⁽¹⁾: distribución segundo modalidade

(1) 2008=100

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 2.1.26.

dos por homes (467 menos que no ano precedente) e os 14.194 contratos restantes (2.497 máis), por mulleres. A contratación indefinida ordinaria é o único contrato de duración indefinida que se incrementa no último ano, fronte aos contratos indefinidos de fomento de emprego e o contrato indefinido de minusválidos que se reducen.

Dos 8.248 novos contratos indefinidos ordinarios asinados no ano 2012, o 70% (5.793) son asinados por mulleres, dos que o 40% se corresponden con mulleres maiores de 45 anos (2.282 novos contratos) e o 24% con mulleres de menos de 30 anos (1.367) (**táboa 2.1.25.**).

No que respecta á contratación temporal, tras a redución de 7.571 contratos temporais en Galicia no ano 2012, no último ano rexistráronse un total de 610.236 contratos de duración temporal, dos que 313.519 foron asinados por homes (1.516 contratos menos), e os restantes

296.717 por mulleres (6.055 contratos menos).

Seguindo a mesma tendencia que en anos anteriores, no ano 2012 reducíronse de novo os contratos iniciais de duración temporal, nun 1,2%, (a redución no conxunto do Estado foi do 4,8%), o que implica 7.571 contratos temporais menos que no ano 2011. Tendo en conta os tipos de contratos de duración temporal, obsérvase que os contratos eventuais segundo circunstancias da produción, os de xubilación parcial, os contratos de substitución por xubilación aos 64 e os contratos para a formación, presentan unha medra do número de contratos, que non compensa a redución dos restantes tipos de contratos temporais, especialmente a redución en máis de 9.500 dos contratos de interinidade.

Os contratos eventuais segundo circunstancias da produción e os de obra ou servizo seguen sendo os máis numerosos, ao

Contratos de traballo de duración temporal 2012

	Total	Contratos de duración ata 6 meses						Contratos de máis de 6 meses	Subtotal	Contratos de duración indeterminada
		Total	<=7 días	7-15 días	15 días-1 mes	1-3 meses	3-6 meses			
Por obra ou servizo det.	228.635	46.322	29.134	2.253	3.033	6.530	5.372	4.347	50.669	177.966
Eventuais por cc. produción	278.613	271.481			< 1 mes 171.229	1-3 meses 62.743	3-6 meses 37.509	7.132	278.613	-
Interinidade	76.194	36.491	<=7 días 12.082	7-15 días 7.895	15 días-1 mes 9.693	1-3 meses 4.555	3-6 meses 2.266	380	36.871	39.323
Temporais para minusválidos	774							774		
De relevo	984	40	<=7 días 2	7-15 días 1	15 días-1 mes 5	1-3 meses 14	3-6 meses 18	944	984	-
Xubilación Parcial	1.624	24	<=7 días 15	7-15 días 2	15 días-1 mes -	1-3 meses 2	3-6 meses 5	1.459	1.483	141
Substitución xub. 64 anos	120							120	120	-
Prácticas	2.327	1.616					<=6 meses 1.616	711	2.327	-
Formación	5.258	806					<=6 meses 806	4.452	5.258	-
Outros	15.707	14.706	<=7 días 14.139	7-15 días 26	15 días-1 mes 11	1-3 meses 33	3-6 meses 497	144	14.850	857
Total	610.236	371.486	<=7 días 55.372	7-15 días 10.177	15 días-1 mes 183.971	1-3 meses 73.877	3-6 meses 48.089	20.463	391.949	218.287
% / total	100	60,9	9,1	1,7	30,1	12,1	7,9	3,4	64,2	35,8

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal

■ 2.1.27.

Contratos iniciais de traballo en Galicia 2011-12: distribución segundo sector eco

	Total			Agricultura			Industria		
	2011	2012	12/11 (%)	2011	2012	12/11 (%)	2011	2012	12/11 (%)
Indefinido ordinario (bonif./no bonif.)	21.231	29.479	38,8	3.176	3.077	-3,1	2.230	2.971	33,2
Indefinido fomento da contratación indefinida	6.797	646	-90,5	296	47	-84,1	758	92	-87,9
Persoas con discapacidade	451	384	-14,9	13	6	-53,8	51	42	-17,6
Obra ou servizo	231.453	228.635	-1,2	13.311	12.220	-8,2	23.692	24.206	2,2
Eventual circunstancias produción	272.147	278.613	2,4	3.353	3.565	6,3	20.480	17.715	-13,5
Interinidade	85.853	76.194	-11,3	735	1.046	42,3	4.827	3.935	-18,5
Temporal persoas discapac.	913	774	-15,2	16	12	-25,0	94	99	5,3
Relevo	1.087	984	-9,5	14	3	-78,6	525	390	-25,7
Xubilación parcial	1.558	1.624	4,2	7	2	-71,4	797	740	-7,2
Sustitución xubilación 64 anos	102	120	17,6	-	-		11	9	-18,2
Prácticas	3.028	2.327	-23,2	13	7	-46,2	442	316	-28,5
Formación	4.872	5.258	7,9	49	95	93,9	459	501	9,2
Outros contratos	16.794	15.707	-6,5	62	65	4,8	37	22	-40,5
Total	653.072	646.286	-1,0	21.045	20.145	-4,3	54.403	51.038	-6,2

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal

■ 2.1.28.

Contratos de traballo en Galicia e España 2012: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		Galicia/España
	(% / total)		(% / total)		(%)
Sector primario	20.145	3,1	1.839.072	13,8	1,1
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	20.145	3,1	1.839.072	13,8	1,1
Industria	51.038	8,0	769.295	5,8	6,6
Industrias extractivas	630	0,1	6.436	0,0	9,8
Industria manufacturera	47.480	7,4	677.691	5,1	7,0
Suministro enerxía eléctrica, gas, vapor e A.A.	228	0,0	4.493	0,0	5,1
Sum. agua, act. saneam., xestión de residuos e descontaminación	2.700	0,4	80.675	0,6	3,3
Construción	38.983	6,1	981.480	7,3	4,0
Servizos	530.579	82,8	9.783.264	73,2	5,4
Comercio por xunto e polo miúdo, rep. vehículos motor	63.661	9,9	1.177.590	8,8	5,4
Transp. e almacenamento	49.750	7,8	495.272	3,7	10,0
Hostalería	110.356	17,2	1.879.386	14,1	5,9
Informac. comunicac.	14.020	2,2	209.259	1,6	6,7
Actividades financeiras e seguros	2.116	0,3	39.312	0,3	5,4
Actividades inmobiliari.	766	0,1	29.627	0,2	2,6
Activ. prof. cient.e tecn.	19.309	3,0	419.060	3,1	4,6
Activ. admin e serv. aux.	140.257	21,9	3.123.786	23,4	4,5
Admón. publ. def. e sso.	15.715	2,5	336.715	2,5	4,7
Educación	23.764	3,7	441.562	3,3	5,4
Activ. san. e serv. soc.	32.281	5,0	809.340	6,1	4,0
Act. artist. recr. e ent.	39.978	6,2	473.846	3,5	8,4
Outros servizos	13.862	2,2	220.414	1,6	6,3
Act. fogar	4.726	0,7	125.264	0,9	3,8
Act. de organiz. e organismos extra-territoriais	18	0,0	2.831	0,0	0,6
Total	640.745	100	13.373.111	100	4,8

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal

■ 2.1.29.

Económico

Construcción			Servizos		
2011	2012	12/11 (%)	2011	2012	12/11 (%)
2.586	2.848	10,1	13.239	20.583	55,5
462	47	-89,8	5.281	460	-91,3
41	20	-51,2	346	316	-8,7
32.130	26.870	-16,4	162.320	165.339	1,9
9.989	7.927	-20,6	238.325	249.406	4,6
511	379	-25,8	79.780	70.834	-11,2
54	36	-33,3	749	627	-16,3
57	51	-10,5	491	540	10,0
109	88	-19,3	645	794	23,1
8	5	-37,5	83	106	27,7
289	148	-48,8	2.284	1.856	-18,7
692	515	-25,6	3.672	4.147	12,9
100	49	-51,0	16.595	15.571	-6,2
47.028	38.983	-17,1	523.810	530.579	1,3

acoller o 45,6% e o 37,5% da contratación temporal total respectivamente.

Por mor do peso relativo dos contratos por obra ou servizo determinado, o 35,8% dos contratos temporais (218.287 contratos) teñen unha duración indeterminada. Entre os contratos cunha duración concreta, que son máis do 60% dos temporais, só unha mínima parte asínanse por máis de seis meses (significan apenas 20.463 dun total de 391.949 contratos). A este respecto, e tal como se mostra no **cadro 2.1.27.**, o 49,5% dos contratos temporais de duración ata 6 meses son contratos de duración entre 15 días e 1 mes e o 14,9%, de sete ou menos días.

En canto á distribución sectorial dos contratos iniciais no ano 2012, a **táboa 2.1.28.** mostra como o 70% dos citados contratos son asinados polo sector servi-

Empresas de traballo temporal e contratos de posta a disposición nas CC.AA. 2011-12 ⁽¹⁾

	2011		2012		12/11	
	ETTs	contratos	ETTs	contratos	ETTs	contratos
Andalucía	72	197.759	73	193.005	1	-4.754
Aragón	32	55.671	31	56.711	-1	1.040
Asturias	20	32.234	18	24.812	-2	-7.422
Baleares	13	15.657	13	12.422	0	-3.235
Canarias	22	80.716	24	79.672	2	-1.044
Cantabria	16	22.900	15	24.627	-1	1.727
Castela - A Mancha	34	55.545	33	54.855	-1	-690
Castela e León	24	116.956	25	108.113	1	-8.843
Cataluña	101	371.540	103	381.995	2	10.455
C. Valenciana	71	287.175	66	285.793	-5	-1.382
Extremadura	7	7.152	6	6.205	-1	-947
Galicia	25	84.719	23	87.163	-2	2.444
A Coruña	-	30.767	-	34.410	-	3.643
Lugo	-	6.212	-	5.302	-	-910
Ourense	-	5.735	-	4.292	-	-1.443
Pontevedra	-	42.005	-	43.159	-	1.154
Madrid	101	350.766	103	324.168	2	-26.598
Murcia	45	178.187	44	221.191	-1	43.004
Navarra	20	61.043	21	50.902	1	-10.141
País Vasco	42	117.534	43	99.117	1	-18.417
A Ríoxa	10	12.798	9	12.444	-1	-354
Ceuta e Melilla	-	-	-	-	0	-
Total	655	2.048.352	650	2.023.195	-5	-25.157

(1) ETTs con autorización a 31 de decembro de cada ano segundo C.A. de ubicación dos seus centros de traballo
Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 2.1.30.

zos, distribuíndose de xeito homoxéneo o 30% restante entre a agricultura, a industria e a construción. Por tipo de contrato, destaca polo seu número, no sector servizos o contrato eventual por circunstancias da produción, e nos restantes tres sectores o contrato de obra ou servizo. Neste senso cabe salientar a notable presenza de contratos de xubilación parcial no sector da construción, sector onde se asina o 45,6% do total de contratos deste tipo firmados en Galicia, representando así mesmo, o 25% do total de contratos asinados no sector en Galicia no ano 2012.

Atendendo á distribución segundo ramas de actividade (**táboa 2.1.29.**), o 21,9% das contratacións pertencen á rama de "actividades administrativas e servizos auxiliares", con 140.257 contratos, por diante da hostalería, con 110.356 contratos (o 17,2%); o "comercio, por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de

motor", con 63.661 contratos (9,9%) e das "actividades de transporte e almacenamento" e da "industria manufacturera", en torno ás cincuenta mil contratacións en ambos casos. O sector da construción reduce significativamente a súa contratación, acadando no ano 2012 os 38.983 contratos, uns 8.000 contratos menos que no ano anterior.

Empresas de traballo temporal (ETT)

No ano 2012 increméntase de novo, tal como ven acontecendo en anos anteriores, o número de contratos xestionados a través de empresas de traballo temporal. Neste último exercicio, as 23 ETTs que operaron en Galicia asinaron un total de 87.163 contratos de posta a disposición, un incremento de 2.444 contratos (en termos porcentuais, aproximadamente un 2,9%). O número de ETTs tanto Galicia como no conxunto do Estado reduciuse, de

Poboación inactiva en Galicia e España 2008-12 (1): distribución segundo sexo e clase de inactividade

	2008	2009	Galicia 2010	2011	2012	2012-08
	(en miles de persoas)					(%)
Total	1.072,8	1.068,9	1.082,4	1.065,8	1.055,1	-1,7
Homes	414,1	427,6	434,7	435,3	433,3	4,6
Mulleres	658,7	641,3	647,8	630,5	621,8	-5,6
Estudiante	147,9	143,3	152,2	149,5	140,1	-5,3
Homes	65,6	67,8	71,3	69,5	68,9	5,1
Mulleres	82,4	75,5	80,9	80,0	71,2	-13,6
Xubilado ou prexubilado	461,1	465,2	468,8	475,5	480,1	4,1
Homes	257,8	263,7	267,9	270,4	270,7	5,0
Mulleres	203,3	201,4	200,9	205,1	209,4	3,0
Labores do fogar	240,4	229,6	235,1	216,7	215,1	-10,5
Homes	21,0	21,6	24,8	25,3	24,4	16,3
Mulleres	219,4	208,0	210,3	191,3	190,8	-13,1
Incapacidade permanente	108,9	110,7	108,6	89,4	91,2	-16,2
Homes	48,8	51,4	53,3	44,3	44,3	-9,2
Mulleres	60,1	59,3	55,4	45,1	46,9	-21,9
Perceptor de pensión distinta á de xubilac./prexubilac.	94,3	101,5	102,8	114,8	108,7	15,3
Homes	8,1	9,4	6,7	13,6	11,7	44,4
Mulleres	86,2	92,1	96,1	101,2	97,0	12,6

	2008	2009	España 2010	2011	2012	2012-08
	(en miles de persoas)					(%)
Total	15.359,6	15.394,1	15.390,2	15.393,7	15.377,6	0,1
Homes	5.720,5	5.909,7	6.010,4	6.119,6	6.191,9	8,2
Mulleres	9.639,2	9.484,5	9.379,8	9.274,1	9.185,7	-4,7
Estudiante	2.224,2	2.303,1	2.401,1	2.445,2	2.433,3	9,4
Homes	1.037,9	1.088,4	1.155,7	1.190,1	1.189,4	14,6
Mulleres	1.186,3	1.214,7	1.245,5	1.255,2	1.244,0	4,9
Xubilado ou prexubilado	5.206,8	5.266,5	5.386,5	5.544,0	5.607,9	7,7
Homes	3.518,8	3.567,5	3.615,9	3.690,4	3.731,1	6,0
Mulleres	1.688,0	1.699,0	1.770,7	1.853,6	1.876,9	11,2
Labores do fogar	4.743,2	4.524,5	4.352,7	4.144,2	4.038,8	-14,9
Homes	279,6	319,3	324,6	322,0	343,9	23,0
Mulleres	4.463,6	4.205,2	4.028,0	3.822,2	3.694,9	-17,2
Incapacidade permanente	1.081,9	1.155,2	1.157,0	1.139,0	1.167,4	7,9
Homes	457,9	504,9	506,5	491,3	516,0	12,7
Mulleres	624,1	650,3	650,5	647,6	651,4	4,4
Perceptor de pensión distinta á de xubilac./prexubilac.	164,6	165,3	159,7	172,1	176,5	970,9
Homes	164,6	165,3	159,7	172,1	161,5	-1,9
Mulleres						

(1) en medias anuais
Fonte: INE

■ **2.1.31.**

xeito que dúas das cinco ETTs que causaron baixa no ano 2012 eran galegas. Con estes datos, a importancia relativa das ETTs operativas en Galicia caeu ata o 3,5% (3,8% do total español no ano anterior) e o número de contratos de posta a disposición en Galicia, incrementouse ata o 4,3% (4,1% no ano 2011).

O incremento do número de contratos só se produce nas provincias de A Coruña e Pontevedra, correspondendo o maior incremento á provincia de A Coruña con 3.643 contratos máis, aínda que Pontevedra con 43.159 contratos asinados segue sendo a provincia con maior número seguida de A Coruña con 34.410. Os

contratos asinados nas provincias de Ourense e Lugo son moi inferiores con 4.292 e 5.302 contratos respectivamente.

Poboación inactiva

A poboación economicamente inactiva, segundo a definición dada polo INE, é a que abarca a todas as persoas de 16 e máis anos, non clasificadas como ocupadas nin paradas durante a semana de referencia.

A poboación inactiva comprende polo tanto as seguintes categorías funcionais:

- Persoas que se ocupan do seu fogar.
- Estudantes.
- Xubilados ou prexubilados.
- Persoas que perciben unha pensión distinta da de xubilación e de prexubilación.
- Persoas que realizan sen remuneración traballos sociais, actividades de tipo benéfico (excluídas as que son axudas familiares).
- Incapacitados para traballar.
- Outras situacións: en xeral persoas que, sen exercer actividade económica, reciben axuda pública ou privada, e todas aquelas non incluídas nas categorías anteriores.

En Galicia o número de inactivos no ano 2012 era de 1.055.100 persoas, o 6,9% do total estatal. Case a metade dos inactivos galegos son persoas cunha pensión de xubilación ou prexubilados (480,1 mil persoas), que representan o 8,6% do total do Estado. En segundo lugar en canto a número de persoas están as dedicadas a "labores do fogar", con 215,1 mil persoas, maioritariamente mulleres (88,3%), descendendo no ano 2012, o número de persoas, tanto homes como mulleres, dedicados a esta actividade non remunerada. **(táboa 2.1.31.)**

A poboación inactiva reduciuse no ano 2012 un 1% en relación ao ano anterior,

8.700 mulleres e 2.000 homes inactivos menos. Dentro das causas de inactividade, baixou o número de estudantes, labores do fogar ou perceptores de pensións distinta á de xubilación ou prexubilación, mentres que se incrementaron lixeiramente os xubilados ou prexubilados ou as persoas cunha incapacidade permanente.

O 68,5% da poboación inactiva en Galicia no ano 2012, non busca emprego. Entre os motivos que se aducen para non buscar emprego, baixa o número de persoas que sinalan motivos relacionados con responsabilidades ou coidados familiares e aumentan as que aducen que "creen que non o van a atopar", así das 486.200 persoas que, sen estar xubiladas ou prexubiladas, non buscan emprego, 30.800 non tratan de encontrado por entender que non o van a atopar. Finalmente salienta que a porcentaxe de mozos menores de 34 anos inactivos que non cursan estudos mantense en Galicia en torno ao 20%, igual que no ano anterior, aínda que segue sendo catro puntos porcentuais inferior á media estatal. ■

DOUS DOUS . relacións laborais

A lei 3/2012, de 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, altera substancialmente a estrutura da negociación colectiva, sendo as novidades máis destacadas en materia de relacións laborais as que seguen:

- En materia de inaplicación das condicións previstas no convenio colectivo, a non aplicación do convenio colectivo por causas económicas precisa dunha diminución persistente de ingresos e vendas durante dous trimestres consecutivos, en comparación cos mesmos trimestres do ano anterior. O acordo de inaplicación non poderá dar lugar ao incumprimento de obrigas establecidas no convenio, relativas á discriminación por razóns de xénero.
- En materia de concorrencia de convenios, mantense a prioridade aplicativa do convenio de empresa respecto do convenio colectivo sectorial.
- Respecto da vixencia dos convenios

colectivos (ultraactividade), limítase a un ano o prazo que pode transcorrer dende a denuncia do convenio colectivo sen que se teña acordado un novo convenio.

- Prohibición de cláusulas de xubilación obrigatoria.

Negociación colectiva

O número de convenios colectivos –vixentes ou prorrogados tacitamente– existentes en Galicia a 31 de decembro de 2012 ascendeu ata os 841, un 1,3% máis que no ano anterior. O 85% destes acordos laborais (715 convenios) corresponde a convenios de empresa.

No ano 2012, os convenios colectivos asinados ascenderon a 117, a cifra máis baixa dos últimos dez anos, afectando a un total de 62.879 traballadores, 74 mil traballadores menos que no ano 2011. En 2012 negociáronse por primeira vez un total de

Convenios colectivos existentes 2011-12 ⁽¹⁾

2011

	Total	C.A. / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	830	65	272	96	87	310
Sector	126	19	31	23	21	32
Empresa	704	46	241	73	66	278

2012

	Total	C.A. / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	841	65	277	97	87	315
Sector	126	19	31	23	66	32
Empresa	715	46	246	74	21	283

(1) convenios colectivos, vixentes ou prorrogados tacitamente, a 31 de decembro de cada ano; no total inclúense tamén acordos reguladores

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

■ 2.2.1.

Convenios colectivos e revisións salariais negociados con efectos para 2011-12 ⁽¹⁾

2011

	Total		Convenios asinados		Convenios revisados		Negociados por 1ª vez	
	convenios	traball.	convenios	traball.	convenios	traball.	convenios	traball.
Total	181	205.660	119	136.876	45	68.199	17	585
Sector	51	182.439	26	122.917	25	59.522	-	-
Empresa	130	23.221	93	13.959	20	8.677	17	585

2012

	Total		Convenios asinados		Convenios revisados		Negociados por 1ª vez	
	convenios	traball.	convenios	traball.	convenios	traball.	convenios	traball.
Total	161	89.538	117	62.879	30	25.345	14	1.314
Sector	30	71.536	14	46.859	16	24.677	-	-
Empresa	131	18.002	103	16.020	14	668	14	1.314

(1) datos 2012 son provisionais

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

■ 2.2.2.

14 convenios, con 1.314 traballadores afectados. Os 14 convenios asinados por primeira vez no ano 2012 en Galicia son todos convenios de empresa, e un de ámbito autonómico, sete asinados na provincia de A Coruña, un en Lugo e cinco en Pontevedra.

O 7,7% dos convenios colectivos existentes no último ano teñen un ámbito de aplicación superior ao provincial. No resto dos convenios de sector existentes en 2012 con vixencia expresa en 2012, a provincia de Pontevedra é a que concentra o maior

número, con 32 (o 25,4%), seguida pola provincia de A Coruña, co 24,6% dos convenios existentes en Galicia no ano 2012 (31 convenios de sector).

Os 30 convenios de sector asinados e revisados afectaron en 2012 a 71.536 traballadores, o que significa que o 20,4% dos convenios afectan ao 81,1% dos traballadores. Os 103 convenios de empresa afectan ao 18,9% dos traballadores.

O **incremento salarial** medio pactado nos 147 convenios asinados ou revisados

Xornada media efectiva por traballador nas CC.AA. 2011-12: distribución segundo sector

	2011				2012			
	Total	Industria	Construcción	Servizos	Total	Industria	Construcción	Servizos
(en horas / ano)								
Andalucía	1.571,9	1.648,8	1.715,0	1.543,1	1.522,4	1.631,1	1.685,6	1.528,8
Aragón	1.547,0	1.607,1	1.682,1	1.509,6	1.554,1	1.606,1	1.687,9	1.522,8
Asturias	1.539,2	1.615,5	1.716,9	1.493,6	1.530,6	1.570,9	1.677,6	1.504,2
Baleares	1.606,5	1.667,9	1.769,9	1.581,9	1.605,4	1.648,8	1.747,8	1.586,5
Canarias	1.602,5	1.672,7	1.775,4	1.582,5	1.601,9	1.677,7	1.698,7	1.589,6
Cantabria	1.581,8	1.631,5	1.713,2	1.549,7	1.568,3	1.634,2	1.695,6	1.536,3
Castela-A Mancha	1.595,9	1.677,7	1.715,0	1.548,2	1.589,9	1.675,0	1.683,8	1.549,5
Castela e León	1.543,2	1.629,6	1.668,8	1.500,5	1.515,3	1.596,7	1.658,1	1.476,3
Cataluña	1.565,0	1.663,1	1.690,6	1.528,3	1.559,7	1.653,5	1.653,6	1.529,0
C. Valenciana	1.559,7	1.666,9	1.655,0	1.520,3	1.550,5	1.658,5	1.671,1	1.511,6
Extremadura	1.546,7	1.671,2	1.762,2	1.484,5	1.537,6	1.658,5	1.758,9	1.486,9
Galicia	1.597,4	1.655,7	1.709,0	1.562,9	1.581,0	1.638,1	1.692,7	1.550,9
Madrid	1.596,7	1.688,1	1.716,7	1.576,8	1.590,4	1.654,2	1.689,8	1.576,9
Murcia	1.595,7	1.704,1	1.731,7	1.550,2	1.576,5	1.678,5	1.694,4	1.539,5
Navarra	1.542,3	1.633,8	1.691,1	1.474,8	1.535,6	1.623,8	1.652,9	1.477,5
País Vasco	1.523,1	1.585,9	1.631,4	1.488,6	1.529,9	1.580,3	1.640,3	1.502,3
A Ríoxa	1.538,2	1.630,2	1.718,0	1.468,0	1.544,5	1.651,5	1.680,8	1.480,1
Total	1.572,4	1.652,3	1.703,2	1.540,6	1.563,8	1.637,6	1.680,2	1.538,0

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 2.2.3.

en 2012 –calculado en base ao incremento salarial en porcentaxe indicado nos convenios e tendo en conta as cláusulas de revisión salarial pactadas nos convenios asinados e revisados nese ano– foi do 1,47%, o máis baixo do que se ten rexistro, máis dun punto porcentual inferior ao IPC galego, que foi do 2,6%, e tamén inferior ao estatal, que se situou no 2,9%.

A **xornada media** efectiva por traballador en Galicia incrementouse no último ano dende as 1.597,4 horas de 2011 ata as 1.581 horas de 2012. Galicia é a quinta comunidade autónoma con maior xornada media efectiva por traballador no ano 2012, tras Baleares (1.606,4 horas), Canarias (1.601,9 horas), Madrid (1.590,4 horas) e Castela-A Mancha (1.589,9 horas) (**cadro 2.2.3.**).

A xornada media pactada -tense en conta só os convenios que a regulan de xeito anual- increméntase en Galicia (17,2 horas/ano máis que en 2011), acadando as 1.770,3 horas/ano. Como ven aconte-

cendo en anos anteriores, a xornada en convenios de empresa é máis reducida que nos de sectores (1.727 horas fronte a 1.781 horas, respectivamente). A nivel sectorial, no sector agrario e na construción, non se asinaron convenios no ano 2012, en tanto que na industria e nos servizos, a xornada media pactada foi de 1.761,6 e 1.785,7 horas, respectivamente.

No concernente á **regulación de emprego**, despois dun incremento de máis do 70% dos traballadores afectados polos expedientes de regulación de emprego no ano 2011, este número increméntase de novo no ano 2012 nun 30%, acadando 29.647 traballadores afectados, fronte aos 22.829 do ano anterior.

O número de expedientes de regulación de emprego autorizados en Galicia no ano 2012 incrementouse un 56,5%, acadando os 2.612 expedientes, 943 máis que no ano precedente. Tal como se sinalou anteriormente, o número total de traballadores afectados ascendeu ata os 29.647 trabaja-

**Xornada media pactada na negociación colectiva 2011-12:
distribución segundo sector económico**

	2011	2012
	(en horas / ano)	
Total	1.753,1	1.758,3
Agricultura e pesca (1)		1.780,0
Industria	1.760,9	1.735,1
Construción	1.737,0	1.743,3
Servizos	1.795,3	1.770,9

(1) en 2011 non se asinaron convenios neste sector
Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

■ 2.2.4.

Expedientes de regulación de emprego nas CC.AA. 2011-12: expedientes autorizados e traballadores afectados

	Expedientes autorizados		Traballadores afectados							
	2011	2012	Total		Medidas de extinción		Medidas de suspensión		Medidas de reducción	
	2011	2012	2011	2012	2011	2012	2011	2012	2011	2012
Andalucía	1.923	2.568	24.346	24.571	6.561	5.393	12.757	11.898	5.028	7.280
Aragón	1.147	1.712	25.378	28.700	2.522	2.326	21.460	23.222	1.396	3.152
Asturias	927	1.393	24.731	22.127	1.358	2.441	22.196	17.061	1.177	2.625
Baleares	328	523	3.540	3.606	1.098	856	1.539	1.497	903	1.253
Canarias	442	703	5.714	8.105	2.690	2.658	2.243	2.757	781	2.690
Cantabria	576	886	7.599	11.286	924	1.111	5.795	8.467	880	1.708
Castela-A Mancha	865	1.136	9.875	9.932	2.169	3.323	5.767	3.588	1.939	3.021
Castela e León	1.376	2.732	23.275	46.450	4.137	3.581	17.305	36.765	1.833	6.104
Cataluña	3.552	5.637	55.401	78.180	11.863	14.002	21.928	48.435	21.610	15.743
C. Valenciana	3.473	4.512	45.322	53.683	9.484	10.888	28.170	32.077	7.668	10.718
Extremadura	343	766	3.522	5.889	763	960	1.606	2.508	1.153	2.421
Galicia	1.669	2.612	22.829	29.647	3.997	3.500	15.832	19.535	3.000	6.612
Madrid	1.438	2.843	42.908	47.646	13.756	15.423	20.994	15.759	8.158	16.464
Murcia	506	700	4.989	7.349	1.440	1.997	1.914	1.864	1.635	3.488
Navarra	538	980	10.885	16.897	1.426	2.200	8.892	13.146	567	1.551
País Vasco	1.773	2.920	28.492	51.944	3.055	4.254	23.105	41.656	2.332	6.034
A Ríoxa	273	430	4.665	5.783	677	706	3.454	4.107	534	970
Ceuta e Melilla	19	22	158	98	61	25	55	44	42	29
Total	21.168	33.075	343.629	451.893	67.981	75.644	215.012	284.386	60.636	91.863

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 2.2.5.

dores, dos que 19.535 (o 65,9%) sufriron unha suspensión do emprego e 3.500 traballadores (o 11,8%), unha rescisión do seu contrato (**cadro 2.2.5.**).

Galicia é a sexta comunidade autónoma en número de expedientes autorizados no ano 2012, por detrás de Cataluña, C. Valenciana, País Vasco, Madrid e

Castela-León, e a sexta tamén en canto ao número de traballadores afectados polos mesmos.

Conflitividade laboral

Os datos proporcionados polo Ministerio de Empleo e Seguridade Social non recollen, entre outras, as folgas referidas a activida-

Folgas nas CC.AA. 2011-12: traballadores participantes e xornadas non traballadas

	2011		2012	
	Traballadores participantes	Xornadas non traballadas	Traballadores participantes	Xornadas non traballadas
Andalucía	8.045	25.281	14.328	48.567
Aragón	7.138	16.512	27.126	30.642
Asturias	10.101	20.004	55.529	220.846
Baleares	423	403	111	774
Canarias	2.565	6.299	1.084	2.600
Cantabria	3.174	3.224	5.387	9.257
Castela-A Mancha	1.595	1.665	1.306	2.824
Castela e León	2.506	10.073	10.635	302.746
Cataluña	90.470	180.882	35.870	82.340
C. Valenciana	8.170	16.655	6.620	27.760
Estremadura	166	309	491	2.272
Galicia	11.336	17.543	13.379	32.885
Madrid	34.951	39.316	100.997	329.162
Murcia	5.228	30.677	1.293	19.127
Navarra	15.297	29.453	27.947	45.141
País Vasco	20.254	85.852	21.649	132.885
A Rioxa	543	893	95	238
Ceuta e Melilla	12	13	24	48
Total	221.974	485.054	323.871	1.290.114

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ **2.2.6.**

des “non produtivas”, así como tampouco se presentan os datos das folgas xerais do 29 de marzo e do 14 de novembro, nin das folgas da ensinanza pública e privada do 22 de marzo, por non dispoñer de información para todas as CCAA.

En Galicia o número de traballadores participantes en folgas situouse nas 13.379 persoas (en torno a 2.000 traballadores máis que no ano anterior) e o das xornadas non traballadas, nas 32.885 xornadas (15.342 xornadas máis que o ano anterior).

Por comunidades autónomas, Galicia é a oitava comunidade cunha maior incidencia de traballadores participantes en folgas, e a oitava tamén no cómputo de xornadas non traballadas. ■

DOUSTRES. seguridade e saúde no traballo

A crise económica e a forte destrución de emprego asociada á mesma determinan, en grande medida, as condicións laborais existentes. Seguindo a tendencia de anos anteriores, a mellora nas citadas condicións, derivada da menor incidencia dos accidentes laborais, parece ser consecuencia en grande medida, da ralentización da actividade económica, sen obviar as melloras derivadas das políticas de prevención e inspección no ámbito da seguridade e saúde no traballo.

No ano 2012 mantense a tendencia, iniciada no ano 2008, de descenso do número total de accidentes de traballo con baixa en xornada laboral, que se sitúa nos 23.668 accidentes, un 24% menos que no ano anterior.

A provincia de Pontevedra é onde máis descende o número total de accidentes, cun 27,3% menos que no ano anterior, o que supón 3.089 accidentes con baixa en

xornada de traballo menos que os rexistrados no ano 2011. A provincia de A Coruña, con 10.636 accidentes con baixa laboral, é a que rexistra un maior número de accidentes no ano 2012, a pesar da redución do 22,5% en relación ao ano anterior.

Este descenso dos accidentes rexistrouse no caso dos accidentes leves e dos mortais, fronte a un incremento do 2,7% do número de accidentes graves. Neste senso, os accidentes leves diminuíron no total de Galicia un 24,4%, e os mortais fixérono nun 13,5%. Os accidentes de carácter grave incrementáronse en todas as provincias galegas, agás na Coruña; nembargante cómpre salientar o forte incremento nos accidentes mortais na provincia de Ourense, que pasa de un accidente mortal no ano 2011 a oito no ano 2012.

A distribución do número de accidentes e a gravidade dos mesmos por sectores é dis-

Accidentes de trabajo con baixa en xornada de traballo 2011-12: distribución segundo a gravidade e sector económico

	Totais			Leves			Graves			Mortais		
	2011	2012	12/11 (%)	2011	2012	12/11 (%)	2011	2012	12/11 (%)	2011	2012	12/11 (%)
Total	31.141	23.668	-24,0	30.616	23.137	-24,4	473	486	2,7	52	45	-13,5
A Coruña	13.724	10.636	-22,5	13.513	10.454	-22,6	188	169	-10,1	23	13	-43,5
Lugo	3.166	2.436	-23,1	3.093	2.354	-23,9	62	74	19,4	11	8	-27,3
Ourense	2.945	2.379	-19,2	2.893	2.307	-20,3	51	64	25,5	1	8	700,0
Pontevedra	11.306	8.217	-27,3	11.117	8.022	-27,8	172	179	4,1	17	16	-5,9
Sectores												
Agricultura	1.404	1.126	-19,8	1.345	1.066	-20,7	54	57	5,6	5	3	-40,0
Pesca	1.231	1.173	-4,7	1.182	1.123	-5,0	41	45	9,8	8	5	-37,5
Industria	9.218	6.674	-27,6	9.100	6.562	-27,9	109	104	-4,6	9	8	-11,1
Construción	5.723	3.771	-34,1	5.604	3.652	-34,8	111	109	-1,8	8	10	25,0
Servizos	13.565	10.924	-19,5	13.385	10.734	-19,8	158	171	8,2	22	19	-13,6

Fonte: Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia

■ 2.3.1.

par, así o sector servizos segue sendo o que experimenta o maior número de accidentes laborais con baixa, con 10.924 accidentes (o 46,1% dos accidentes con baixa en xornada de traballo en Galicia), seguido polo sector industrial, que rexistrou 6.674 accidentes (o 28,2%), e a construción, con 3.771 accidentes (o 15,9% dos accidentes en Galicia).

A diminución da actividade económica ten unha consecuencia na diminución nos accidentes laborais. Así, os datos do **cadro 2.3.1.** reflicten unha forte diminución no número total de accidentes en todos os sectores económicos. O sector da construción é o que experimenta un maior descenso porcentual, un 34,1% de accidentes menos que no ano anterior, seguido da industria, cun descenso do 27,6%, e do sector servizos, co 19,5% menos de accidentes que en 2011.

Os accidentes leves no ano 2012 ascenderon a 23.137, dos que o 46,4% acontecen no sector servizos; producíndose o descenso relativo máis importante deste tipo de accidentes no sector da construción, sector no que acontecen no ano 2012, 3.652 accidentes leves un 34,8% menos que no ano anterior.

Os accidentes graves no ano 2012 foron 486, 13 máis que no ano 2011, o 35,2% dos mesmos acontecen no sector servizos, incrementándose tanto no sector servizos como na agricultura e pesca o número de accidentes graves en relación aos sufridos no ano precedente, fronte ao descenso na construción e industria.

Finalmente os accidentes mortais foron 45 no ano 2012, 7 menos que no anterior; como no caso dos accidentes leves e graves, o maior número de accidentes mortais se produce no sector servizos, con 19, sendo destacable o incremento do 25% do número de accidentes mortais na construción, que pasa de 8 a 10 accidentes no ano 2012.

O índice de incidencia da sinistralidade laboral, que relaciona o número total de accidentes en xornada de traballo con baixa co número medio de afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta, acadou en Galicia os 2.925 accidentes por cada cen mil traballadores afiliados, 130 accidentes por cen mil afiliados máis que a media estatal. Comparado co resto das Comunidades Autónomas, o **cadro 2.3.2.** reflicte que Galicia, tras un

Índices de incidencia dos accidentes de traballo nas CC.AA. 2011-12 ⁽¹⁾

	Accidentes con baixa		Accidentes mortais	
	2011	2012 (2)	2011	2012 (2)
Andalucía	3.325	2.679	3,2	3,1
Aragón	3.103	2.581	5,1	4,0
Asturias	4.362	3.491	8,1	4,4
Baleares	4.672	3.843	1,8	0,9
Canarias	4.081	3.317	2,5	1,2
Cantabria	3.176	2.571	1,2	3,5
Castela-A Mancha	4.044	3.335	5,1	5,1
Castela e León	3.407	2.749	5,2	3,4
Cataluña	3.403	2.768	2,9	2,3
C. Valenciana	3.094	2.550	2,8	3,4
Extremadura	3.029	2.552	4,7	5,8
Galicia	3.695	2.925	6,1	5,8
Madrid	3.180	2.561	2,6	2,2
Murcia	3.337	2.695	4,2	2,8
Navarra	3.580	2.766	4,1	2,7
País Vasco	3.716	3.175	4,4	3,5
A Ríoxa	3.645	2.880	2,0	7,1
Ceuta	3.403	2.887	5,8	-
Melilla	3.626	2.803	12,8	11,9
Total	3.440	2.795	3,6	3,1

(1) Índice de incidencia: accidentes x 100.000 / afiliados a réximes da S.S. coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta

Índice de incidencia accidentes mortais: accidentes mortais x 100.000 / afiliados a réximes da S.S. coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta

(2) datos 2012 son provisionais

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 2.3.2.

Índices de incidencia dos accidentes de traballo con baixa 2011-12: distribución segundo sector

2011					
	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	3.948,34	4.044,64	3.277,03	3.735,22	4.127,18
Agricultura	3.614,74	3.506,80	3.340,48	4.292,64	3.918,30
Pesca	5.777,72	10.066,53	8.378,67	-	3.651,71
Industria	6.849,41	7.040,20	4.929,29	6.900,80	7.085,55
Construción	8.043,34	8.010,34	6.636,72	7.468,76	8.825,61
Servizos	2.594,52	2.702,25	2.274,91	2.309,94	2.646,54

2012					
	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	3.152,44	3.276,91	2.645,41	3.153,17	3.176,50
Agricultura	3.043,98	3.282,90	2.803,89	2.865,04	3.118,04
Pesca	5.644,31	9.809,51	6.730,77	-	3.756,82
Industria	5.268,89	5.486,78	3.891,02	5.899,81	5.201,27
Construción	6.582,76	6.662,85	5.755,89	6.956,11	6.668,18
Servizos	2.145,83	2.246,07	1.856,90	1.969,38	2.164,10

Fonte: Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia

■ 2.3.3.

Baixas laborais derivadas de incapacidade temporal nas CC.AA. 2011-12: continxencias comúns

	Duración media dos procesos con alta		Incidencia media por cada 1.000 traballadores protexidos		Número medio de procesos iniciados	
	2011	2012	2011	2012	2011	2012
	(en días / ano)		(%)			
Andalucía	37,66	40,21	20,67	16,21	51.138	40.009
Aragón	30,91	33,36	25,24	20,56	11.035	8.838
Asturias	45,51	48,51	21,30	17,20	6.574	5.297
Baleares	32,91	34,07	25,17	18,86	8.641	6.656
Canarias	31,39	33,38	29,64	23,04	18.547	14.201
Cantabria	38,06	42,51	25,62	19,01	4.462	3.326
Castela-A Mancha	40,31	46,93	20,19	14,56	11.518	8.020
Castela e León	40,06	44,32	18,99	15,11	13.878	11.009
Cataluña	32,50	30,29	26,63	24,41	70.028	63.637
C. Valenciana	50,67	51,00	16,50	13,57	23.379	18.964
Extremadura	46,00	52,20	15,01	12,04	4.853	3.853
Galicia	53,17	58,59	18,76	14,25	15.162	11.470
A Coruña	49,65	56,09	19,47	14,71	6.817	5.138
Lugo	59,57	64,76	16,01	11,94	1.430	1.070
Ourense	45,96	50,60	18,56	13,59	1.457	1.084
Pontevedra	57,78	62,14	18,81	14,59	5.457	4.177
Madrid	27,28	29,35	27,83	21,55	68.708	54.029
Murcia	46,53	48,45	21,23	17,77	9.340	7.771
Navarra	24,46	26,00	36,52	30,93	8.253	7.000
País Vasco	36,33	38,46	29,35	22,38	22.186	17.237
A Rioxa	32,28	34,25	21,46	18,12	2.180	1.834
Ceuta	29,83	32,30	26,57	21,63	457	382
Melilla	29,08	32,13	29,60	22,28	466	390
Total	35,71	37,12	23,60	19,14	350.804	283.923

Fonte: Secretaría de Estado de la Seguridad Social

■ 2.3.4.

descenso de máis do 20% no número de accidentes con baixa laboral, mantense como a sexta comunidade co maior índice, tras Baleares, Asturias, Castela -A Mancha, Canarias e País Vasco.

A Coruña no ano 2012 pasa a ser a provincia co índice de incidencia de accidentes máis elevado, con 3.277 accidentes por cada cen mil afiliacións, fronte aos 3.176 accidentes de Pontevedra e os 3.153 e 2.645 accidentes por cada cen mil afiliacións en Ourense e Lugo, respectivamente.

A pesar da forte redución da sinistralidade laboral no sector da construción, este segue a ser o sector de actividade con maior índice de incidencia, con 6.583 accidentes por cada cen mil afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de acci-

dentes de traballo especificamente cuberta, por diante da pesca e da industria, con 5.644 e 5.269 accidentes, respectivamente. Os índices máis baixos rexistráronse nos servizos e na agricultura, con 2.146 e 3.044 accidentes. En relación ao ano anterior, un ano máis cae o índice de incidencia en todas as actividades económicas.

No caso dos accidentes mortais, Galicia rexistrou un total de 5,8 accidentes por cada cen mil afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta. No último ano, Galicia, xunto con Extremadura, presenta o segundo índice máis elevado, por detrás de A Rioxa, das dezasete Comunidades Autónomas, sendo a rateo acadada no conxunto do Estado de 3,1 accidentes.

Baixas laborais derivadas de incapacidade temporal nas CC.AA. 2011-12: continxencias profesionais

	Duración media dos procesos con alta		Incidencia media por cada 1.000 traballadores protexidos		Número medio de procesos iniciados	
	2011	2012	2011	2012	2011	2012
	(en días / ano)		(%)			
Andalucía	31,89	34,17	4,04	3,30	8.574	6.830
Aragón	36,77	40,42	3,31	2,86	1.418	1.165
Asturias	41,27	45,59	4,36	3,49	1.339	1.045
Baleares	29,97	30,49	4,67	3,95	1.532	1.308
Canarias	29,69	33,19	4,10	3,37	2.445	1.953
Cantabria	43,17	46,50	3,45	2,74	589	459
Castela-A Mancha	32,90	36,11	4,08	3,38	2.246	1.747
Castela e León	37,42	40,14	3,41	2,77	2.483	1.960
Cataluña	31,89	33,68	3,73	3,13	9.338	7.717
C. Valenciana	38,82	40,17	3,23	2,70	4.335	3.528
Extremadura	35,30	36,80	3,42	2,90	955	775
Galicia	44,00	46,82	3,79	3,09	3.030	2.428
A Coruña	43,09	45,64	3,80	3,09	1.326	1.063
Lugo	54,30	59,88	3,09	2,52	302	242
Ourense	37,72	42,06	3,50	2,86	275	225
Pontevedra	43,91	45,84	4,11	3,37	1.127	898
Madrid	28,53	29,73	3,28	2,64	8.001	6.546
Murcia	35,82	37,99	3,64	2,99	1.488	1.206
Navarra	29,95	32,02	3,85	3,00	848	641
País Vasco	32,45	32,64	4,20	3,52	3.157	2.655
A Ríoxa	34,24	34,34	3,77	2,93	380	290
Ceuta	39,55	34,03	3,50	3,01	60	51
Melilla	33,02	41,34	3,68	3,04	58	50
Total	33,52	35,45	3,70	3,05	52.274	42.354

Fonte: Secretaría de Estado de la Seguridad Social

■ 2.3.5.

No que respecta ás baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias comúns e profesionais, os **cadros 2.3.4. e 2.3.5.** mostran como o número medio de procesos iniciados no ano 2012 foi inferior aos iniciados no ano anterior tanto no caso de baixas por continxencias profesionais, como no de continxencias comúns, así mesmo diminuíu a incidencia media por cada mil traballadores protexidos en continxencias profesionais e comúns.

A duración media das baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias comúns pasa de 53,17 días no ano 2011 a 58,59 días no ano 2012, sendo Galicia, tras o incremento experimentado, a Comunidade Autónoma cunha maior duración media dos procesos con alta no

período. No conxunto do Estado a duración media das nomeadas baixas é de 37,12 días, 21,5 días menos que en Galicia.

De igual xeito, a duración media das baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias profesionais aumenta, pasando de 44 días no ano 2011 a 46,82 días no ano 2012, sendo Galicia de novo a primeira Comunidade Autónoma cunha duración media dos procesos con alta no período máis elevada, por encima da media estatal en 11,4 días.

Enfermidades profesionais

O sistema español atende ás enfermidades profesionais dende 3 puntos de vista normativos e institucionais distintos, a normativa de prevención de riscos laborais, en

Enfermedades profesionales 2012: distribución segundo sexo e sectores de actividade

Homes					
	Agricultura	Pesca	Industria	Construción	Servizos
Total	3	8	317	84	143
Grupo I	-	-	17	6	1
Grupo II	3	7	205	64	130
Grupo III	-	-	-	-	8
Grupo IV	-	-	81	5	3
Grupo V	-	1	9	8	1
Grupo VI	-	-	5	1	-

Mulleres					
	Agricultura	Pesca	Industria	Construción	Servizos
Total	6	5	172	2	327
Grupo I	-	-	7	-	15
Grupo II	3	5	154	2	257
Grupo III	-	-	-	-	20
Grupo IV	2	-	6	-	15
Grupo V	1	-	5	-	20
Grupo VI	-	-	-	-	-

Fonte: Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia

■ 2.3.6.

canto ao coidado e prevención, a normativa sanitaria, en canto ao diagnóstico, asistencia e tratamento, e a normativa da seguridades social en canto á indemnización ou protección económica. Este último punto de vista é o que proporciona a definición legal de enfermidade profesional, considerada como a contraída a consecuencia do traballo executado por conta allea nas actividades que se especifiquen no cadro que se aprobe polas disposicións de aplicación e que veña provocada pola acción dos elementos ou substancias que en dito cadro se indiquen para cada enfermidade profesional.

O **cadro 2.3.6.** mostra as enfermidades profesionais por grupos e sectores de actividade no ano 2012 en Galicia. Así dun total de 1.067 casos rexistrados, 591 cursaron baixa laboral, sendo o sector industrial, con 489, seguido dos servizos, con 327, as ramas de actividades onde máis casos se rexistran. ■

DOUSCATRO. **políticas de formación para o emprego**

As medidas encamiñadas a acadar unha maior formación para o emprego en Galicia aséntase en tres piares. En primeiro lugar, os programas dirixidos a mellorar a inserción e reinserción laboral dos traballadores desempregados, especialmente daqueles que pertencen aos colectivos que acceden ao mercado laboral con máis dificultade, xa sexa mediante unha contratación por conta allea ou polo seu establecemento por conta propia, instrúmentanse as medidas a través dos programas de cooperación, dos programas mixtos de formación e emprego, ou mediante as medidas de apoio á contratación aos emprendedores e ao traballo autónomo.

O segundo pilar das políticas activas de emprego é a Formación Profesional para o emprego, centrada no ámbito laboral e dirixida aos traballadores desempregados e ocupados.

Finalmente o Servizo Público de Emprego

debe incidir nas políticas activas de emprego, axudando ao traballador a atopar ocupación.

Formación profesional para o emprego

A formación profesional dirixida prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas é unha política activa de emprego que ofrece cursos de formación gratuítos para persoas traballadoras desempregadas co obxecto de dotalos de cualificación e facilitar a súa integración no mercado laboral.

O total do orzamento dedicado á formación para o emprego no ano 2012 foi de 79,2 millóns de euros, dos cales, un 38,5% foi dedicado á formación para traballadores ocupados, desenvolvéronse 1.621 accións formativas cun orzamento de 30,5 millóns de euros. O 61,5% restante, 48,7 millóns de euros, dedicouse aos 885 cursos do

Accións formativas para ocupados 2012 ⁽¹⁾

	Accións formativas	Orzamentos
	(en miles de euros)	
Total	1.621	30.500
Plans de formación intersectoriais	692	18.300
Plans de formación sectoriais	929	12.200

(1) formación profesional para o emprego dirixida prioritariamente a persoas ocupadas

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

■ 2.4.1.

Accións formativas para desempregados 2012 ⁽¹⁾

	Cursos	Alumnos	Orzamentos
	(en miles de euros)		
Total	885	13.252	48.669.550
Medios propios	155	2.327	9.232.616
Programación pluriprovincial	471	7.044	22.267.011
Programación provincial	259	3.881	17.169.923

(1) formación profesional dirixida prioritariamente a persoas desempregadas

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

■ 2.4.2.

plan AFD no que participaron 13.252 alumnos. Comparando coas accións formativas para o desemprego no ano anterior, diminúe o número de cursos (1.148 no ano 2011) e de alumnos (17.300 no ano 2011), así como de recursos empregados (71,3 millóns no ano anterior).

A través da programación de Accións Formativas dirixidas prioritariamente a **persoas traballadoras desempregadas** (AFD), lévanse a cabo accións formativas para persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia. Estas accións están incluídas no Programa Operativo Plurirexional Adaptabilidade e Emprego.

As programacións levadas a cabo durante o ano 2012 na formación profesional dirixidas prioritariamente a persoas desempregadas en Galicia abranguen catro grupos fundamentais:

- Cursos de AFD de programación ordinaria.
- Cursos de AFD con compromiso de contratación.
- Cursos de AFD impartidos en centros de formación de titularidade da Xunta de Galicia.
- Cursos do Plan autonómico de formación de formadores.

No que aos cursos AFD (agás compromisos de contratación) se refire, ao longo do ano 2012 programáronse un total de 655. O orzamento total destes cursos, aos que asistiron un total de 9.821 alumnos, ascendeu a 38,1 millóns de euros. Comparado co acontecido no exercicio anterior, no último ano rexístrase unha redución no número de cursos e alumnos e no orzamento dedicado.

As principais accións formativas corresponden ás actividades de "Administración

Plan AFD 2012: distribución sectorial

Sector	Cursos	Alumnos	Orzamentos
			(en euros)
Total	655	9.821	38.058.794,74
Actividades Físicas e Deportivas	9	135	308.307,67
Administración e Xestión	105	1.575	8.044.321,15
Agraria	23	345	987.712,35
Artes e Artesanías	2	30	144.691,00
Artes Gráficas	22	326	1.545.685,36
Comercio e Marketing	48	720	2.356.008,27
Edificación e Obra Civil	22	330	1.695.416,39
Electricidade e Electrónica	13	195	1.292.242,53
Enerxía e Auga	16	240	1.391.885,53
Fabricación Mecánica	10	150	1.029.480,12
Hostelería e Turismo	39	585	2.289.750,02
Imaxe e Son	5	75	316.425,10
Imaxe Persoal	6	90	279.094,11
Industrias Alimentarias	3	45	148.173,54
Industrias Extractivas	1	15	55.078,62
Informática e Comunicacóns	49	735	2.663.015,86
Instalación e Mantemento	9	135	755.751,82
Madeira Moble e Corcho	13	195	911.818,33
Marítimo Pesqueira	7	105	94.413,99
Sanidade	77	1.155	2.524.147,30
Seguridade e Medioambiente	12	180	437.947,98
Servizos Socioculturais e á Comunidade	105	1.575	5.844.292,28
Téxtil Confección e Pel	5	75	277.507,54
Transporte e Mantemento de Vehículos	54	810	2.665.627,88

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

■ 2.4.3.

e xestión”, “Servizos socioculturais e á comunidade”, “Sanidade”, e “Transporte e mantemento de vehículos”, que acollen en conxunto en torno ao cincuenta por cento dos cursos, alumnos e orzamento.

No exercicio do ano 2012 mantívose o criterio de potenciar a figura dos cursos de formación profesional para o emprego con compromiso de contratación, mantendo o requisito dos anos anteriores de contratar, como mínimo, un 60% dos alumnos que inicien o curso por un período mínimo de 6 meses a xornada completa ou tempo equivalente, no caso de que a contratación non sexa a xornada completa.

Aos 75 cursos de formación con compromiso de contratación programados no exercicio 2012 asistiron un total de 1.104 alumnos, ascendendo o seu orzamento a 1,4 millóns de euros. Comparado co ano ante-

rior, cómpre salientar o incremento no número de cursos e alumnos e o descenso no volume de recursos, que para 2011 foran 47 cursos con 751 alumnos e aproximadamente 11,9 millóns de euros de orzamento. A nivel sectorial, no ano 2012 destacaba a importancia relativa do subsector “Transporte a mantemento de vehículos”, que no ano 2011 acollía un curso e no ano 2012 acolle 53 dos 75 cursos programados.

Con cargo ao orzamento do plan AFD, impartíronse, na programación do ano 2012, un total de 155 cursos de formación profesional para o emprego en centros de titularidade da Xunta de Galicia, por un importe de 9,2 millóns de euros, participando nestes cursos un total de 2.327 alumnos. Destacan os programados en A Coruña, aos que lle corresponde en torno ao 41% dos cursos e alumnos e o 33% do

Plan AFD 2012: cursos con compromiso de contratación

	Cursos	Alumnos	Orzamentos
			(en euros)
Total	75	1.104	1.378.138,89
A Coruña	7	110	335.349
Lugo	1	10	20.150
Ourense	4	65	163.328
Pontevedra	63	919	859.313

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

■ 2.4.4.

Plan AFD 2012: cursos con compromiso de contratación: distribución sectorial

Sector	Cursos	Alumnos	Orzamentos
			(en euros)
Total	75	1.104	1.378.139
Administración e Xestión	2	40	175.938
Comercio e Marketing	5	75	168.807
Edificación e Obra Civil	1	10	68.555
Fabricación Mecánica	4	60	152.353
Industrias Alimentarias	6	71	100.394
Informática e Comunicacions	1	15	52.271
Seguridade e Medioambiente	1	20	68.057
Servizos Socioculturais e á Comunidade	2	20	64.366
Transporte e Mantemento de Vehículos	53	793	527.398

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

■ 2.4.5.

orçamento total. No ano 2012 parece romperse a tendencia de diminución de recursos, cursos e alumnos nestes cursos, incrementándose por primeira vez dende o ano 2010.

Atendendo á distribución sectorial da programación destes cursos, dos datos do **cadro 2.4.7.** despréndese que as actividades máis importantes, en canto a súa dotación orzamentaria, son as de enerxía e auga, fabricación mecánica e instalación e mantemento, que conxuntamente concentran o 51% do orzamento total.

Continuando coa aplicación do Decreto 292/2000, do 21 de decembro, que aproba o certificado de profesionalidade da ocupación de formador ocupacional,

durante o ano 2012 ofrecéronse cinco cursos *on-line* nesta materia, correspondentes ás unidades de competencia "Programar accións formativas vencellándoseas ao resto desa acción de formación da organización", "Verificar e avaliar o nivel de cualificación acadado" e "Contribuír activamente á mellora da calidade da formación".

O Instituto de Emprego-Servizo Público de Emprego Estatal convoca anualmente unha serie de cursos de perfeccionamento técnico para os docentes dos cursos do plan AFD. No ano 2012 na Comunidade Autónoma de Galicia programáronse 6 cursos no Centro Nacional de Formación Ocupacional de Santiago de Compostela, aos que asistiron docentes do Plan AFD ou

Plan AFD 2012: cursos en centros propios

	Cursos	Alumnos	Orzamentos
			(en euros)
Total	155	2.327	9.232.616
A Coruña	63	950	3.045.519
Lugo	23	342	1.737.657
Ourense	30	450	1.793.605
Pontevedra	39	585	2.655.834

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

■ 2.4.6.

Plan AFD 2012: cursos en centros propios: distribución sectorial

Sector	Cursos	Alumnos	Orzamentos
			(en euros)
Total	155	2.327	9.232.616
Administración e Xestión	3	45	217.522
Agraria	13	195	608.724
Comercio e Marketing	8	120	128.734
Edificación e Obra Civil	3	50	186.752
Electricidade e Electrónica	6	90	342.168
Enerxía e Auga	20	300	1.748.050
Fabricación Mecánica	19	282	1.507.462
Hostelería e Turismo	24	360	824.765
Imaxe Persoal	1	15	81.590
Informática e Comunicacions	10	150	644.606
Instalación e Mantemento	20	300	1.448.754
Madeira, Moble e Corcho	12	180	789.042
Servizos Socioculturais e á Comunidade	16	240	704.450

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

■ 2.4.7.

de escolas-obradoiro de diversas comunidades do Estado.

A formación profesional dirixida prioritariamente a **persoas ocupadas** ten como finalidade proporcionarlles a cualificación que poidan necesitar ao longo da súa vida laboral, co fin de que obteñan os coñecementos e prácticas axeitados aos requirimentos que en cada momento precisen as empresas, e permita compatibilizar a súa maior competitividade coa mellora da capacitación profesional e promoción individual do traballador.

En canto aos plans de formación dirixida a persoas ocupadas, no ano 2012 realizáron-

se 692 accións intersectoriais e 929 sectoriais nun total de 154 plans que acolleron outras tantas entidades, cuns orzamentos de 18,3 e 12,2 millóns de euros respectivamente (**cadro 2.4.1.**).

Promoción do emprego

En canto aos distintos programas de incentivos dirixidos á mellora da empregabilidade dos traballadores distínguense tres grandes grupos de actuacións: os destinados ao fomento do emprego e da estabilidade laboral, os dirixidos ao fomento do autoemprego e traballo autónomo e os programas de integración laboral das persoas con discapacidade e colectivos con

Plans de formación para persoas ocupadas 2012: accións e orzamento

	Entidades	Plans	Accións formativas
Plans de formación intersectoriais	22	22	692
Autónomos	8	8	78
Intersectorial	10	10	552
Economía Social	4	4	62
Plans de formación sectoriais	132	132	929
Administración e Novas Tecnoloxías	19	19	136
Comercio, Hostalaría e agropesqueira	28	28	215
Construción e Madeira	14	14	84
Metal	7	7	92
Servizos á Comunidade	40	40	296
Transporte	16	16	40
Téxtil, Vidro e Cerámica, Artesanía, Química e Enerxía	8	8	66

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

■ 2.4.8.

risco de exclusión social.

● **Fomento do emprego e a estabilidade de laboral**

O número de traballadores beneficiarios deste tipo de programas foi de 886 persoas, ascendendo o número de empresas beneficiarias destas axudas a 1.107.

Dentro destas actuacións salientan o programa de fomento da transformación de contratos temporais en indefinidos, que afectan a 580 traballadores e 660 empresas. Ao mesmo tempo, cómpre mencionar o programa de fomento da contratación indefinida do que se beneficiaron un total de 295 traballadores e 434 empresas.

● **Fomento do autoemprego e do traballo autónomo**

O número total de traballadores beneficiarios dos programas de fomento do autoemprego e do traballo autónomo recollidos no **cadro 2.4.9.** ascendeu en 2012 a 3.351 beneficiarios e a 3.481 empresas.

En canto ao número de traballadores beneficiarios se refire, o programa máis importante foi o de promoción do emprego

autónomo, no que un total 3.108 desempregados que se constituíron como autónomos percibiron axudas.

● **Integración laboral de persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social**

Un total de 334 persoas con discapacidade e/ou risco de exclusión social beneficiáronse das axudas deste programa de integración laboral ao longo de 2012, ben sexa polo fomento da contratación de persoas con discapacidade (195 persoas), polo mantemento destes traballadores nos centros especiais de emprego (101 persoas), polas subvencións ás unidades de apoio (16 persoas), polo programa de emprego con apoio (10 persoas), polo programa de incentivos ás empresas de inserción laboral (EIL) (8 beneficiarios), ou polo programa de centros especiais de emprego (4 persoas).

● **Programas de cooperación con entidades locais e outras administracións**

No último exercicio beneficiáronse das axudas aos programas de cooperación con entidades locais e outras administracións un total de 2.766 traballadores (4.413 per-

Actuacións para o fomento do emprego e estabilidade laboral 2012

Procedemento	Empresas	Beneficiarios
Fomento do emprego e da estabilidade laboral	1.107	886
Fomento da contratación indefinida	434	295
Fomento da transformación de contratos temporais en indefinidos	660	580
Fomento da contratación temporal	13	11
Fomento do autoemprego e do traballo autónomo	3.481	3.351
Promoción do emprego autónomo	3.108	3.108
Iniciativas emprendedoras e de emprego (IEBT+ILE e I+E+E)	351	214
Incentivos as persoas cotitulares ou titulares de explotacións agrarias	22	22
Subvencións ás entidades asociativas	0	7
Integración laboral de persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social	2.612	334
Creación de centros especiais de emprego	28	4
Mantemento de centros especiais de emprego	1.812	101
Contratación de persoas con discapacidade	264	195
Unidades de apoio	408	16
Emprego con apoio	68	10
Incentivos ás empresas de inserción laboral (EIL)	32	8
Total	7.200	4.571

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

■ 2.4.9.

Programas de cooperación con entidades locais e outras administracións e situación das escolas obradoiro, obradoiros de emprego e Unidades de Promoción e Desenvolvemento 2011-12

Programas de cooperación con entidades locais e outras administracións

	Entidades		Beneficiarios			
	2011	2012	2011	2012		
				Total	Homes	Mulleres
Programas de cooperación con entidades locais	1.380	846	7.179	2.766	1.577	1.189
PPCC entidades locais	346	324	5.294	1.928	1.388	540
Contratación axentes de emprego e desenvolvemento local	265	242	300	236	87	149
PPCC Institucionais	672	261	1.382	564	90	474
PPCC Institucionais-Axentes de Emprego/Unidades de apoio	97	19	203	38	12	26

Escolas obradoiro, obradoiros de emprego e Unidades de Promoción e Desenvolvemento

	Escolas obradoiro		Obradoiros emprego		U.P.D.		Alumnos-traballadores			
	2011	2012	2011	2012	2011	2012	2011	2012		
								Total	Homes	Mulleres
En funcionamento a 1 de xaneiro	4	1	65	-	7	-	1.841	26	3	23
Iniciadas	-	-	-	43	-	-	-	1.159	636	523
Total en funcionamento	4	1	65	43	7	-	1.841	1.185	639	546

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

■ 2.4.10.

soas menos que no ano anterior) e 846 entidades (534 menos que en 2011). No eido destes programas de cooperación coas entidades locais, destacan as axudas dos “Programas de cooperación con entidades locais”, con 324 entidades e 1.928 beneficiarios.

No concernente ás escolas obradoiro, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento, ao longo do exercicio de 2012 beneficiáronse das súas accións formativas un total de 1.185 alumnos/traballadores (656 menos que no ano anterior).

No ano 2012 só estaba en funcionamento unha escola obradoiro (4 no ano anterior), non existía ningún obradoiro de emprego en funcionamento a un de xaneiro de 2012 nin ningunha unidade de promoción e desenvolvemento. No ano 2012 non se iniciou ningunha escola obradoiro, ou unidade de promoción e desenvolvemento nova, aínda que se iniciaron 43 obradoiros de emprego. ■